



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 29 de abril de 2026



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 29 DE ABRIL DE 2026.

***Declaración institucional Planta de biogás proxectada no concello da Laracha.**

Información e actividade corporativa

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 3/2026, de 27 de marzo.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de marzo ata o 19 de abril de 2026.

Comisión de Deporte

3. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Marineda Hockey para o cofinanciamento da participación na Ok liga Prata Feminina para a tempada 2025/2026.
4. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación de padres, profesionais e amigos de persoas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia" para o cofinanciamento da organización da celebración do 25 Aniversario Special Olympics Galicia.

Comisión de sectores produtivos: Mar e Medio Rural

5. Aprobación do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Mesía polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento das actividades a realizar na Aula da Natureza - Museo Etnográfico das Brañas da Valga no ano 2026.

Comisión de Política Social, Educación e Mocidade

6. Aprobación da modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento da Reforma para a accesibilidade integral da comunidade terapéutica "O Confurco"
7. Aprobación da denominación do servizo público.
8. Aprobación da forma de xestión indirecta do servizo público Casa de Acompañamento a Persoas Maiores Pardo Bazán, e actuacións complementarias de control.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

9. Aprobación da transmisión gratuíta da titularidade demanial de tramos das estradas DP 5803, DP 5804, DP 5805, DP 5806, DP 5808, e DP 5809 a favor do Concello de Oleiros.



Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

10. Aprobación da segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 4/2025 para o financiamento de investimentos financeiramente sostibles

11. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Centro sociocultural de Santa Baia de Castro", do Concello de Coristanco incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024 co código 2024.2100.0023.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

12. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do viario na Rúa San Martiño de Abaixo. Fase I", do Concello de Fisterra, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0526.0

13. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Conservación, mantemento e instalación ventilación mecánica edificio da Casa da Cultura de Mugaros", do Concello de Mugaros incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025 co código 2025.2102.0672.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

14. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación de rede de saneamento e instalación de bombeo no lugar de Tronco fase 1", do Concello de Rianxo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2100.0034.0, levantamento das condicións as que quedou sometido e aprobación definitiva do investimento

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

15. Dación de conta da remisión da liquidación do orzamento do exercicio 2025 da Deputación Provincial da Coruña e do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña á Administración do Estado.

16. Dación de conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas da Deputación Provincial da Coruña do exercicio 2025.

17. Dación de conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2025.

18. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a marzo de 2026.

19. Dación de conta da corrección de erros do Informe-resumo de resultados de control interno no exercicio 2025 ao que se refire o artigo 37 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

20. Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria



correspondente a marzo de 2026 e proxección a 31/12/2026.

21. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 2/2026 de aprobación polo Pleno.

22. Dación de conta da liquidación definitiva do exercicio de 2025 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

23. Dación de conta da actualización das entregas a conta realizadas no exercicio 2026 e da entrega a conta de marzo de 2026 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

24. Aprobación da inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 do Programa FO103E de subvencións a entidades da provincia, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de eventos deportivos de competición oficial na provincia.

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

25. Aprobación do proxecto da obra Reconstrucción de muro de escollera na DP Carballo a Portomouro, Punto quilométrico 10+630 (Carballo)

26. Aprobación do proxecto da obra Mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente DP 3404 A Serra de Outes a Dumbria punto quilométrico 22+790 ao 27+160 (Dumbría)

27. Aprobación do proxecto da obra Mellora de firme con MBQ na DP 2403 Cerceda a Xesteda punto quilométrico 2+900 ao 5+500 (Cerceda)

28. Aprobación do proxecto da obra Mellora de capa de rodaxe con MBQ na DP 0106 San Vicente de Vigo a Oza dos Rios punto quilométrico 3+230- 8+200 (Oza Cesuras)

29. Aprobación do proxecto Mellora de capa de rodadura con mestura bituminosa quente DP 2204 Cedeira a Chímparra punto quilométrico 1+390 ao 2+495 -DP 2206 de As Pontigas ao quilómetro 1 de San Andrés de Teixido punto quilométrico 0+000 ao 0+320 (Cedeira)

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

30. Aprobación da segunda addenda ao convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña para a execución do plan de sustentabilidade turística en destino proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea - Next Generation.

31. Aprobación da segunda addenda ao convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do plan de sustentabilidade turística en



destino proxecto Fragas do Eume no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGeneration.

ACTUACIÓNS DE CONTROL:

MOCIÓNS

1.Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG para esixir ao Goberno da Xunta de Galicia a gratuidade da autovía AG-55

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 29 de abril de 2026.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 29 de abril de 2026, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona Sol Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado de la Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
DonaCristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Juan Domingo de Deus Fonticoba	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Don Juan Carlos García Pose	PP
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Eduardo Antonio Pereiro Liñares	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Ovidio Rodeiro Tato	PP
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Yolanda Valiño Pena	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Excusado:

Don Rubén Suárez Carballo	PP
---------------------------	----

Actúa como secretario: don Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.



Aberto o acto ás 12:14 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bo día. Empezamos esta sesión de Pleno co primeiro punto da orde do día. Hai primeiramente unha declaración institucional sobre a planta de biogás proxectada no concello da Laracha.

Sr. Secretario

Declaración institucional Planta de biogás proxectada no concello da Laracha

O biogás e o biometano son fontes de enerxía renovábel obtidas a partir da descomposición de materia orgánica, como xurros gandeiros, esterco, residuos agrícolas ou restos da industria alimentaria. Ben planificadas e axeitadamente dimensionadas, estas instalacións poden representar unha oportunidade para a xestión de residuos e a produción de enerxía local. Non obstante, os proxectos de grande escala con finalidade exclusivamente comercial presentan riscos relevantes para o medio ambiente, para a saúde das persoas e para a calidade de vida das comunidades afectadas.

A empresa Aratel pretende implantar unha macroplanta de produción de biogás no lugar de Vista Alegre, na parroquia de Soandres, no concello da Laracha, con características que esta Corporación considera incompatibles coa protección do territorio, dos recursos hídricos e do benestar da veciñanza:

A planta ocuparía máis de 95.070 m de solo rústico nas proximidades do río Anllóns.

Prevéese o tratamento de 65.000 toneladas anuais de residuos, incluíndo subprodutos animais clasificados como SANDACH de categoría 2.

O proxecto contempla a circulación de 13 camións diarios polas vías locais.

Estímase un consumo anual de 1,5 millóns de litros de auga, extraídos do principal regato que conforma o río Anllóns.

Xerará máis de 30.000 toneladas anuais de efluentes líquidos e preto de 20.000 toneladas de dixestato sólido sen tratamento específico.

As instalacións situaríanse a menos de 300 metros de núcleos de poboación, cun impacto acreditado en termos de ruído e cheiros.

O proxecto prevé unicamente un máximo de 10 empregos directos, polo que o beneficio económico para a comarca é mínimo en relación ao seu impacto.

A estas características engádese a ausencia dunha normativa específica en Galiza que regule a implantación e o funcionamento das plantas de biogás e o réxime xurídico do dixestato producido, o que xera inseguridade xurídica e ambiental para as comunidades afectadas.



A veciñanza da Laracha e da contorna expresou publicamente a súa preocupación pola desvalorización das propiedades, o impacto nos recursos hídricos e na calidade do aire, a incerteza sobre o destino das augas residuais e a posibilidade de que este proxecto abra a porta a futuras macroinfraestructuras similares na comarca.

Por todo isto, as deputadas e deputados da corporación acordamos

Primeiro.

Manifestar a oposición ao proxecto de planta de biogás promovido pola empresa Aratel no lugar de Vista Alegre, parroquia de Soandres, no concello da Laracha, na súa configuración actual, polas graves afectacións ambientais, paisaxísticas, hídricas e sociais que presenta.

Segundo.

Instar á Xunta de Galiza a non declarar o proxecto de interese estratéxico nin aplicarlle ningunha figura de aceleración de trámites, en tanto subsistan as dúbidas sobre a súa localización, o seu impacto ambiental e o modelo de negocio que o sustenta.

Terceiro.

Instar á Xunta de Galiza á elaboración inmediata dunha normativa reguladora da implantación e funcionamento das plantas de biogás en Galiza, en líña co lexislado por outras comunidades autónomas, e a que, mentres esa normativa non entre en vigor, que se estuden as posibilidades legais para a posíbel suspensión da tramitación administrativa.

Cuarto.

Mostrar o apoio desta Corporación Provincial á veciñanza de A Laracha e reiterar o compromiso da Deputación da Coruña coa protección do territorio rural, dos recursos naturais e da calidade de vida das persoas que habitan os concellos da provincia.

Quinto.

Trasladar esta Declaración Institucional ao Goberno da Xunta de Galiza, ao Parlamento de Galiza, ao Concello de A Laracha e ás asociacións veciñais afectadas polo proxecto.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 3/2026, de 27 de marzo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, número 3/2026, de 27 de marzo.



2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de marzo ata o 19 de abril de 2026.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de marzo ata o 19 de abril de 2026.

3.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Marineda Hockey para o cofinanciamento da participación na Ok liga Prata Feminina para a tempada 2025/2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Marineda Hockey por lo que se instrumenta una subvención nominativa para cofinanciar a participación na OK liga prata feminina para a tempada 2025/2026, propónse á Comisión informativa de deportes e mocidade a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 8 de abril de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Terceiro.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 12.000,00€, ao Marineda Hockey, para cofinanciar a participación na OK liga prata feminina para a tempada 2025/2026, cun orzamento subvencionado de 16.031,00€, de acordo co texto do convenio que se achega.

Cuarto.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0612/3411/481 do vixente orzamento xeral.

Quinto.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.



“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O MARINEDA HOCKEY PARA O CO FINANCIAMENTO DA PARTICIPACIÓN NA OK LIGA PRATA FEMININA PARA A TEMPADA 2025/2026

Na Coruña, a ___ de _____ de 2026

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o/a representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D. _____ Presidente do **Marineda Hockey**.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que o **Marineda Hockey** é unha entidade adicada ao fomento do deporte e a participación en actividades e competicións deportivas.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Marineda Hockey** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Marineda Hockey**, CIF G22645535 , fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos polo **Marineda Hockey** para **cofinanciar a participación na Ok liga Prata Feminina para a tempada 2025/2026**



II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O **Marineda Hockey** realizará a actividade obxecto deste convenio, consonte ao seguinte orzamento desagregado:

Concepto	Importe
Desprazamentos	4.700,00 €
Dereitos de arbitraje	1.500,00 €
Licenzas e transfers	4.731,00 €
Arrendamentos de pistas	2.000,00 €
Seguro responsabilidade civil	300,00 €
Servizos profesionais (fisioterapia, atención psicolóxica, preparación física, nutricionista)	600,00 €
Cartelería e publicidade	200,00 €
Inscripción FEP	2.000,00 €
TOTAL	16.031,00 €

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega por importe máximo de **12.000,00€**, o que representa unha porcentaxe do **74.85497%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **74.85497%** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que o obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados



supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Marineda Hockey**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao **Marineda Hockey**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, o **Marineda Hockey** deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer as actividades subvencionadas, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Marineda Hockey**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Marineda Hockey** unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal do **Marineda Hockey**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e acreditación da vinculación dos gastos de transporte e aloxamento e dos gastos de persoal coa actividade subvencionada.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2025.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.



* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2025**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, ao **Marineda Hockey** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de setembro de 2026**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao **Marineda Hockey** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Marineda Hockey** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Marineda Hockey**.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O **Marineda Hockey** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O **Marineda Hockey** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.



2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ao **Marineda Hockey** deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Marineda Hockey** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Marineda Hockey** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da



subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Marineda Hockey** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Marineda Hockey** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de novembro de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2025.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do **Marineda Hockey**, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.



3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento”.

4.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación de padres, profesionais e amigos de persoas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia" para o cofinanciamento da organización da celebración do 25 Aniversario Special Olympics Galicia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de padres, profesionais e amigos de persoas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia" polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a organización da celebración do 25 aniversario da entidade propónse, á Comisión informativa de deportes e mocidade á adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 14 de abril de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Terceiro.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 25.000,00€, á **Asociación de padres, profesionais e amigos de persoas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia"**, para cofinanciar **a organización da celebración do 25 aniversario da entidade**, cun orzamento subvencionado de 33.709,39€, de acordo co texto do convenio que se achega.

Cuarto.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0612/3411/481 do vixente



orçamento xeral.

Quinto.- Aprobado o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE PADRES, PROFESIONALES Y AMIGOS DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL "SPECIAL OLYMPICS GALICIA" PARA O CO FINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DO 25 ANIVERSARIO DA ENTIDADE

Na Coruña, a ___ de _____ de 2026

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o/a representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D. _____ Presidente da **Asociación de padres, profesionales y amigos de personas con discapacitación intelectual "Special Olympics Galicia"**.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estánlles atribuídas

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a **Asociación de padres, profesionales y amigos de personas con discapacitación intelectual "Special Olympics Galicia"** é unha entidade adicada ao fomento do deporte e a participación en actividades e competicións deportivas.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promociónen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Asociación de padres, profesionales y amigos de personas con discapacitación intelectual "Special Olympics Galicia"** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación de padres, profesionais e amigos de persoas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia"**, CIF G15771777, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola **Asociación de padres, profesionais e amigos de persoas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia"** para **cofinanciar a organización da celebración do 25 aniversario da entidade.**

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar.

A **Asociación de padres, profesionais e amigos de persoas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia"** realizará a actividade obxecto deste convenio, consonte ao seguinte orzamento desagregado:

Concepto	Importe
Material e outros	4.876,30 €
Difusion	7.267,68 €
Edición libro traxectoria	7.944,37 €
Envío libro correos	891,77 €
Pantallas e videos	8.516,21 €
Persoal organización	1.193,28 €
Técnicos sonido	989,78 €
Actuacións	2.030,00 €
Total Gastos	33.709,39 €

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega por importe máximo de **25.000,00€**, o que representa unha porcentaxe do **74.16331%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **74.16331%** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto

**RPT-6654235



na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que o obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á **Asociación de padres, profesionais y amigos de persoas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia"**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á **Asociación de padres, profesionais y amigos de persoas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia"**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a **Asociación de padres, profesionais y amigos de persoas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia"** deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer as actividades subvencionadas, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **Asociación de padres, profesionais y amigos de persoas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia"**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á **Asociación de padres, profesionais y amigos de persoas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia"**



unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da **Asociación de padres, profesionales y amigos de personas con discapacidad intelectual "Special Olympics Galicia"**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e acreditación da vinculación dos gastos de transporte e aloxamento e dos gastos de persoal coa actividade subvencionada.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2025.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2025**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a **Asociación de padres, profesionales y amigos de personas con discapacidad intelectual "Special Olympics Galicia"** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de xullo de 2026**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á **Asociación de padres, profesionales y amigos de personas con discapacidad intelectual "Special Olympics Galicia"** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.



A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **Asociación de padres, profesionais e amigos de persoas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia"** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Asociación de padres, profesionais e amigos de persoas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia"**.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A **Asociación de padres, profesionais e amigos de persoas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia"** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A **Asociación de padres, profesionais e amigos de persoas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia"** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, á **Asociación de padres, profesionais e amigos de persoas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia"** deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **Asociación de padres, profesionais e amigos de persoas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia"** poderá ser



escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Asociación de padres, profesionales y amigos de personas con discapacidad intelectual "Special Olympics Galicia"** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **Asociación de padres, profesionales y amigos de personas con discapacidad intelectual "Special Olympics Galicia"** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.



3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Asociación de padres, profesionales y amigos de personas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia"** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de setembro de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2025.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da **Asociación de padres, profesionales y amigos de personas con discapacidade intelectual "Special Olympics Galicia"**, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento".



5.- Aprobación do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Mesía polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento das actividades a realizar na Aula da Natureza - Museo Etnográfico das Brañas da Valga no ano 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 11 de marzo de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Este convenio, unha vez aprobado, será incluído no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

Terceiro.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 69.645,72 euros ao Concello de Mesía con CIF P1504800B, para financiar as actividades a realizar na AULA DA NATUREZA - MUSEO ETNOGRÁFICO DAS BRAÑAS DA VALGA no ano 2026 cun orzamento subvencionado de 87.057,15 euros.

Cuarto.- Imputar a achega provincial con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3336/46201 do vixente Orzamento Xeral.

Quinto.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

Todo o anterior, logo dos preceptivos informes da Secretaría Xeral, Servizo de Patrimonio e Contratación e Servizo de Fiscalización, e previo ditame da Comisión de sectores produtivos: Mar e Medio Rural.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Mesía polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento das actividades a realizar na Aula da Natureza - Museo Etnográfico das Brañas da Valga no ano 2026.

A Coruña,



REUNIDOS

D/Dna.-----, en nome e representación da Excma. Deputación Provincial de A Coruña,

D/Dna.-----, en nome e representación do CONCELLO DE MESÍA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

1.- Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 36 e coa Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 109.

2.- Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades (artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

3.- Que a Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE MESÍA consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector da olería se converta nunha actividade rendible de futuro que repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.

2.- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE MESÍA, as dúas partes acordan subscribir un convenio de cooperación conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **CONCELLO MESÍA**, CIF P1504800B fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento das actividades a realizar na Aula da Natureza - Museo Etnográfico das Brañas da Valga no ano 2026.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE MESÍA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE (IVE engadido)
GASTOS DE PERSOAL	69.645,72 €
Peón de xardinería	23.864,52 €
Peón de xardinería	23.864,52 €

**RPT-6654235



Monitor de tempo libre	21.916,68 €
GASTOS CORRENTES	17.411,43 €
Material divulgativo e didáctico para visitas, exposicións, talleres, xornadas, etc.	1.200,00 €
Material para obradoiros, talleres, etc.	2.426,95 €
Cursos de cerámica, de utilización de materiais naturais, de modelado do barro, etc.	1.828,19 €
Conferencias e charlas	300,00 €
Produtos de limpeza	1.075,77 €
Electricidade e teléfono	2.100,00 €
Ferramentas de xardinería (materiais non inventariables)	1.038,71 €
Abonos, sementes e outros produtos para o mantemento das áreas axardinadas e zonas verdes	1.259,74 €
Alimentación e repoboación da fauna existente	1.200,00 €
Mantemento, reposición e conservación das instalacións e demais equipamento (pintado aulas, traballos de albanelería en vieiros, canalizacións acuíferas, etc.)	3.182,07 €
Material e traballos de reparación de fontanería, electricidade...	1.800,00 €
TOTAL	87.057,15 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 69.645,72 euros, o que representa unha porcentaxe de 80,00000%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3336/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutra subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MESÍA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para



darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE MESÍA o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MESÍA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE MESÍA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MESÍA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE MESÍA, unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma SUBTEL) a seguinte documentación:

- 1.- Unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas, describindo a actuación realizada, con indicación dos resultados obtidos e do número de persoas beneficiarias. Este documento deberá estar asinado pola persoa física que desempeñe a representación legal do concello de Mesía.
- 2.- Unha relación clasificada dos gastos realizados, agrupados segundo os conceptos que figuraban no orzamento da solicitude, indicando se é o caso as desviacións acaecidas e detallando a codificación contable que lles resulte aplicable. Nesta relación figurará a identificación da persoa acreedora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e o efectivamente pagado de ser o caso, os posibles descontos fiscais. Este documento será expedido polo órgano responsable da contabilidade.
- 3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 4.- Unha relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade. Este documento deberá ter o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade.
- 5.- Unha declaración responsable dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida, achegando unha proba documental ao respecto.
- 6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.



VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizarán entre o día **1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2026**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MESÍA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA **antes do 31 de marzo de 2027**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MESÍA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MESÍA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MESÍA na documentación achegada.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE MESÍA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE MESÍA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante (perceptora da subvención) e a persoa beneficiaria (provedora do ben ou servizo ou persoas traballadoras), o importe e a data de pago.

Excepcionalmente, admitiranse os pagamentos en metálico para gastos que non excedan de 150€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados. Nestes casos abondará co recibín do perceptor inserido no propio documento de gasto.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE MESÍA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.



X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atrasos na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MESÍA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MESÍA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal



4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2026**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo de 2027** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE MESÍA non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de marzo de 2027**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2027 . Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE MESÍA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MESÍA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día-----

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación

O representante do
CONCELLO DE MESÍA

A Coruña, a data da sinatura electrónica”



6.- Aprobación da modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento da Reforma para a accesibilidade integral da comunidade terapéutica "O Confurco"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Por todo o exposto, en relación co asunto da aprobación da modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO correspondente á subvención nominativa concedida polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o día 31 de xaneiro de 2025, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo previo ditame da Comisión Informativa:

Primeiro.- Aprobado a modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO no que se refire a:

- * Data de remate da obra: 30 de setembro de 2026
- * Data final de xustificación: 31 de outubro de 2026
- * Prazo final de vixencia: 31 de decembro de 2026
- * Modificación do orzamento do proxecto, 397.769,70 € e o coeficiente de financiamento 75,03757 %

Segundo.- Aprobado o texto do convenio que se recolle a continuación.

Terceiro.- Publicar o texto do convenio de subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento da Reforma para a accesibilidade integral da comunidade terapéutica "O Confurco"

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña



Don/a, en representación da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO, NIF G15072010, para o financiamento da Reforma para a accesibilidade integral da comunidade terapéutica "O Confurco".

A Reforma para a accesibilidade integral da comunidade terapéutica "O Confurco" realízase para a redistribución do edificio, mellorar a súa accesibilidade, habitabilidade e incrementar as prazas ata un total de 25 e aparece definida no proxecto realizado polo arquitecto José Antonio Alonso Rodríguez.

II.- Orzamento de execución das obras

O orzamento previsto acada a cifra de 397.769,70 € co seguinte desagregado:

IMPORTE DE EXECUCIÓN MATERIAL	276.248,14
13 % Gastos xerais	35.912,26
6 % Beneficio industrial	69.034,41
IMPORTE DE EXECUCIÓN	328.735,29
21% I.V.E.	69.034,41
TOTAL ORZAMENTO	397.769,70

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **397.769,70 €** o que representa unha porcentaxe do 75,03757 % do orzamento total.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 75,03757 %, da



cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

V.- Difusión do financiamento provincial.

1.- Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Rematada a obra, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, a seguinte documentación:

* **Licencia de obras** regularizada

* **Certificación** de obra subscrita polo Técnico-director e polo contratista



- * **Factura** expedida polo contratista.
- * **Certificación** de aprobación da mesma polo órgano competente.
- * **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- * **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- * **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.
- * **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

2.- Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de difusión previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención alomenos por un prazo de VINTE E CINCO anos.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas antes do 30 de setembro de 2026.

2.- Unha vez rematadas as obras, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de outubro de 2026.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO na documentación achegada.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que



se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e



nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención aa Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de decembro de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.



3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.- Aprobación da denominación do servizo público.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (13 do PP e 1 do BNG)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, 5 deputados/as do BNG e de Alternativa dos Veciños e a abstención do PP e de unha deputada do BNG, acorda:

“Aprobar a denominación do servizo público, co seguinte texto: " a Presidencia propón que o novo servizo adopte como denominación oficial do servizo público CASA DE ACOMPAÑAMENTO A PERSOAS MAIORES: EMILIA PARDO BAZÁN, debendo substituír esta expresión a calquera outra utilizada ata o momento, en documentos, comunicacións e actuacións administrativas vinculadas ao proxecto", conforme á proposta aprobada na Comisión Político Técnica en sesión ordinaria do 18 de marzo de 2026.”



8.- Aprobación da forma de xestión indirecta do servizo público Casa de Acompañamento a Persoas Maiores Pardo Bazán, e actuacións complementarias de control.

INTERVENCIONS

Sr. Ben Otero

Grazas. Bo día a todos e a todas. Grazas, presidente.

Nós neste punto, igual que no anterior, ímonos abster por unha cuestión de que non acabamos de entender se a Deputación é competente para a xestión dunha competencia totalmente impropia, cando levamos tempo falando de que nos temos que desvincular das competencias impropias que temos, e diso tense negociado en varias ocasións e cónstame que vostede, presidente, está negociando coa Xunta de Galicia respecto dos colexios, residencias e demais, de menores. Entón, como este tema non o acabamos de ter claro, ímonos abster.

Pero o motivo da miña intervención é porque vou atender con interese, e gardaremos a gravación, conforme os deputados do BNG van votar a favor da xestión indirecta dunha residencia dun servizo público, e atenderei tamén con moita atención cando dona Avia presente o seu programa electoral na cidade da Coruña, cando fale de facer públicos os servizos municipais, que seguro que o vai facer, ou cando o señor Penas o faga en Brión, atenderei con moito interese estes programas electorais porque, facendo mención a algún compañeiro de corporación, “vendo consellos e aínda para min non os teño”, ou cousas así. É dicir, unha cousa é falar e outra cousa é facer; en todo o caso, imos atender con moito interese á votación dos 6 deputados do BNG votando a favor da xestión indirecta dun servizo público como é a residencia dos maiores das Pontes desta Deputación. Máis nada e grazas.

Sr. Presidente

Pois nada, é unha pena que o PP se absteña nun proxecto simplemente escudándose na falta de competencia da Deputación nun proxecto que trata de atender persoas maiores que o necesitan en tres concellos da provincia; é unha auténtica pena. Se só votásemos a favor aquí nesta casa daquelas cuestións nas que temos unicamente competencia, pois probablemente o 90% das ordes do día que traemos a esta casa podíamos escusalas traer porque non son a nosa competencia. Por exemplo, a declaración institucional que acabamos de aprobar, por exemplo, en favor dos veciños e veciñas da Laracha, que están en contra dun proxecto que, loxicamente, pouco lle achega ao territorio, máis que molestias contrastadas. Pero a Deputación ten interese en achegar graos de area en todas aquelas cuestións, materias que sexan boas para a provincia. Por iso mañá podíamos deixar de atender os 54 usuarios que temos menores de idade no Centro de Menores da Coruña, onde non temos ningunha competencia e nos custa a respectable cifra de tres millóns e medio de euros manter aberta aquela instalación. Firmamos o convenio coa Xunta de Galicia que contribúe con 250.000 euros ao ano do custo de tres millóns e medio de euros. Tiñamos moi fácil advertirlle á Xunta de Galicia que non mande máis rapaces a ese centro porque non é a nosa competencia.

Se xogamos á política desta maneira, isto non avanza. É dicir, nós non temos a



Baña, A	171.467,94			171.467,94	0,00			171.467,94	171.467,94	0,00	0,00	171.467,94	0,00
Bergondo	8.000,00			8.000,00	0,00			8.000,00	8.000,00	0,00	0,00	8.000,00	0,00
Betanzos	178.967,64			178.967,64	0,00			178.967,64	178.967,64	0,00	0,00	178.967,64	0,00
Bordevos	178.302,00			178.302,00	0,00			178.302,00	178.302,00	0,00	0,00	178.302,00	0,00
Boimorto	198.614,67			198.614,67	0,00			198.614,67	198.614,67	0,00	0,00	198.614,67	0,00
Bozaco	209.615,83			209.615,83	0,00			209.615,83	209.615,83	0,00	0,00	209.615,83	0,00
Bozón	154.562,09			154.562,09	0,00			154.562,09	154.562,09	0,00	0,00	154.562,09	0,00
Cabana de Bergantinos	209.615,83			209.615,83	0,00			209.615,83	209.615,83	0,00	0,00	209.615,83	0,00
Cabanas	154.562,09			154.562,09	0,00			154.562,09	154.562,09	0,00	0,00	154.562,09	0,00
Cambre	381.409,33			381.409,33	0,00			381.409,33	381.409,33	0,00	0,00	381.409,33	0,00
Capela, A	111.651,21			111.651,21	0,00			111.651,21	111.651,21	0,00	0,00	111.651,21	0,00
Carballo	614.156,29			614.156,29	0,00			614.156,29	614.156,29	0,00	0,00	614.156,29	0,00
Carroto	161.538,68			161.538,68	0,00			161.538,68	161.538,68	0,00	0,00	161.538,68	0,00
Carrai	180.114,33			180.114,33	0,00			180.114,33	180.114,33	0,00	0,00	180.114,33	0,00
Cedreira	212.782,93			212.782,93	0,00			212.782,93	212.782,93	0,00	0,00	212.782,93	0,00
Cee	193.953,81			193.953,81	0,00			193.953,81	193.953,81	0,00	0,00	193.953,81	0,00
Ceseda	225.391,70			225.391,70	0,00			225.391,70	225.391,70	0,00	0,00	225.391,70	0,00
Cerdido	56.598,43			56.598,43	0,00			56.598,43	56.598,43	0,00	0,00	56.598,43	0,00
Coirós	109.678,63			109.678,63	0,00			109.678,63	109.678,63	0,00	0,00	109.678,63	0,00
Concubán	63.863,33			63.863,33	0,00			63.863,33	63.863,33	0,00	0,00	63.863,33	0,00
Corcunco	291.291,75			291.291,75	0,00			291.291,75	291.291,75	0,00	0,00	291.291,75	0,00
Coruña, A	91.401,89			91.401,89	0,00			91.401,89	91.401,89	0,00	0,00	91.401,89	0,00
Culleredo	467.010,12			467.010,12	0,00			467.010,12	467.010,12	0,00	0,00	467.010,12	0,00
Curtis	208.141,45			208.141,45	0,00			208.141,45	208.141,45	0,00	0,00	208.141,45	0,00
Dadra	104.132,31			104.132,31	0,00			104.132,31	104.132,31	0,00	0,00	104.132,31	0,00
Dumbría	224.924,94			224.924,94	0,00			224.924,94	224.924,94	0,00	0,00	224.924,94	0,00
Fene	178.409,34			178.409,34	0,00			178.409,34	178.409,34	0,00	0,00	178.409,34	0,00
Ferrol	173.895,97			173.895,97	0,00			173.895,97	173.895,97	0,00	0,00	173.895,97	0,00
Fisterra	177.240,15			177.240,15	0,00			177.240,15	177.240,15	0,00	0,00	177.240,15	0,00
Frades	136.296,15			136.296,15	0,00			136.296,15	136.296,15	0,00	0,00	136.296,15	0,00
Incioa	120.860,59			120.860,59	0,00			120.860,59	120.860,59	0,00	0,00	120.860,59	0,00
Laxe	323.817,81			323.817,81	0,00			323.817,81	323.817,81	0,00	0,00	323.817,81	0,00
Laracha, A	180.095,85			180.095,85	0,00			180.095,85	180.095,85	0,00	0,00	180.095,85	0,00
Lousame	176.868,78			176.868,78	0,00			176.868,78	176.868,78	0,00	0,00	176.868,78	0,00
Maior	149.399,71			149.399,71	0,00			149.399,71	149.399,71	0,00	0,00	149.399,71	0,00
Municipal de Bergantinos	25.577,62			25.577,62	0,00			25.577,62	25.577,62	0,00	0,00	25.577,62	0,00
Mañón	298.274,75			298.274,75	0,00			298.274,75	298.274,75	0,00	0,00	298.274,75	0,00
Melle	307.457,69			307.457,69	0,00			307.457,69	307.457,69	0,00	0,00	307.457,69	0,00
Milagro	171.729,15			171.729,15	0,00			171.729,15	171.729,15	0,00	0,00	171.729,15	0,00
Moche	111.483,75			111.483,75	0,00			111.483,75	111.483,75	0,00	0,00	111.483,75	0,00
Mondoso	246.223,57			246.223,57	0,00			246.223,57	246.223,57	0,00	0,00	246.223,57	0,00
Mugardos	45.246,86			45.246,86	0,00			45.246,86	45.246,86	0,00	0,00	45.246,86	0,00
Muxia	249.901,88			249.901,88	0,00			249.901,88	249.901,88	0,00	0,00	249.901,88	0,00
Muros	220.516,01			220.516,01	0,00			220.516,01	220.516,01	0,00	0,00	220.516,01	0,00
Narón	543.972,05			543.972,05	0,00			543.972,05	543.972,05	0,00	0,00	543.972,05	0,00
Neda	40.139,81			40.139,81	0,00			40.139,81	40.139,81	0,00	0,00	40.139,81	0,00
Negreira	66.737,51			66.737,51	0,00			66.737,51	66.737,51	0,00	0,00	66.737,51	0,00
Noya	238.182,87			238.182,87	0,00			238.182,87	238.182,87	0,00	0,00	238.182,87	0,00
Oleiros	514.774,67			514.774,67	0,00			514.774,67	514.774,67	0,00	0,00	514.774,67	0,00
Orosa	224.989,96			224.989,96	0,00			224.989,96	224.989,96	0,00	0,00	224.989,96	0,00
Ourense	375.448,59			375.448,59	0,00			375.448,59	375.448,59	0,00	0,00	375.448,59	0,00
Ozcos	150.000,00			150.000,00	0,00			150.000,00	150.000,00	0,00	0,00	150.000,00	0,00
Paderne	38.959,66			38.959,66	0,00			38.959,66	38.959,66	0,00	0,00	38.959,66	0,00
Padrón	17.752,09			17.752,09	0,00			17.752,09	17.752,09	0,00	0,00	17.752,09	0,00
Pino, O	31.000,00			31.000,00	0,00			31.000,00	31.000,00	0,00	0,00	31.000,00	0,00
Pontevedra	178.932,22			178.932,22	0,00			178.932,22	178.932,22	0,00	0,00	178.932,22	0,00
Pontevo	232.010,12			232.010,12	0,00			232.010,12	232.010,12	0,00	0,00	232.010,12	0,00



POS+ADICIONAL 4/2025 2ª FASE
ANEXO III: RESUMEN TOTAL 1ª E 2ª FASE POR CONCELLO

CONCELLOS	ASIGNACIÓN 22.000.000,00		1ª FASE		PENDIENTE PARA 2ª FASE		2ª FASE			TOTAL 1ª Y 2ª FASE			ECONOMÍA	
	GASTO CORRIENTE	REDUCCIÓN DÉBITA	TOTAL 1ª FASE	DEPUTACIÓN	Achega municipal	CONCELLO IVE deducible	TOTAL CONCELLO	TOTAL	DEPUTACIÓN	Achega municipal	CONCELLO IVE deducible	TOTAL CONCELLO		TOTAL
Pontevedra	171.979,06		171.979,06		0,00				171.979,06	0,00	0,00	0,00	171.979,06	0,00
Ponte de García Rodríguez, As	451.915,16		451.915,16		0,00				451.915,16	0,00	0,00	0,00	451.915,16	0,00
Porto do Son	259.755,04		200.279,35	59.475,69	0,01	0,00	0,01	59.475,70	259.755,04	0,01	0,00	0,01	259.755,05	0,00
Rianxo	227.415,10		227.415,10	227.360,21	0,00	0,00	0,00	227.360,21	227.360,21	0,00	0,00	0,00	227.360,21	54,89
Ribeira	421.181,73		421.181,73		0,00				421.181,73	0,00	0,00	0,00	421.181,73	0,00
Rois	213.780,07		213.780,07		0,00				213.780,07	0,00	0,00	0,00	213.780,07	0,00
Sada	268.386,34		268.386,34		0,00				268.386,34	0,00	0,00	0,00	268.386,34	0,00
San Sadurnillo	183.701,35		183.701,35		0,00				183.701,35	0,00	0,00	0,00	183.701,35	0,00
Santa Comba	399.992,44		267.997,07	131.995,37	0,00	0,00	0,00	131.995,37	399.992,44	0,00	0,00	0,00	399.992,44	0,00
Santiago de Compostela	391.622,75		391.622,75		0,00	0,00	0,00	0,00	391.622,75	0,00	0,00	0,00	391.622,75	0,00
Santiago	177.029,48		177.029,48		0,00	0,00	0,00	0,00	177.029,48	0,00	0,00	0,00	177.029,48	0,00
Sarriena	206.931,31		147.000,00	59.931,31	0,00	0,00	0,00	59.931,31	206.931,31	2.745,26	0,00	2.745,26	209.676,57	0,00
Sobrado	143.868,17		143.868,17		0,00				143.868,17	0,00	17.604,42	17.604,42	161.472,59	0,00
Tec	359.265,37		359.265,37		0,00				359.265,37	0,00	0,00	0,00	359.265,37	0,00
Toques	155.382,21		155.382,21		0,00				155.382,21	0,00	0,00	0,00	155.382,21	0,00
Tordea	221.664,56		221.664,56		0,00				221.664,56	0,00	0,00	0,00	221.664,56	0,00
Touro	247.532,87		247.532,87		0,00				247.532,87	0,00	0,00	0,00	247.532,87	0,00
Trozo	201.962,59		201.962,59		0,00				201.962,59	0,00	0,00	0,00	201.962,59	0,00
Valdovino	220.245,46		220.245,46		0,00				220.245,46	0,00	0,00	0,00	220.245,46	0,00
Vai do Dubra	50.479,87		56.829,05	181.186,26	0,00	0,00	0,00	181.186,26	50.479,87	0,00	0,00	0,00	219.308,92	0,00
Vedra	181.186,26		181.186,26		0,00				181.186,26	0,00	0,00	0,00	181.186,26	0,00
Vilamar	127.311,45		127.311,45		0,00				127.311,44	0,00	0,00	0,00	127.311,44	0,01
Vilamar	94.735,71		94.735,71		0,00				94.735,71	264,31	0,00	264,31	95.000,02	0,00
Vimiant	337.929,60		337.929,60		0,00				337.929,60	0,00	0,00	0,00	337.929,60	0,00
Zas	272.650,32		272.650,32		0,00				272.650,32	412.573,07	0,00	412.573,07	685.223,39	0,00
Carbio	136.157,32		136.157,32		0,00				136.157,32	0,00	0,00	0,00	136.157,32	0,98
Que-Cesuras	345.237,25		345.237,25		0,00				345.237,25	28.843,43	0,00	28.843,43	374.080,68	0,00
TOTAL	22.000.000,00	343.638,37	11.512.399,86	10.487.800,12	33	60	33	11.315.360,67	10.457.963,37	836.666,91	20.728,39	857.397,30	22.827.560,55	29.836,75
NP concellos	93	3	60	33	33	60	33	57	93	57	93	93	93	93



11.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Centro sociocultural de Santa Baia de Castro", do Concello de Coristanco incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024 co código 2024.2100.0023.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Coristanco do proxecto modificado do investimento denominado “Centro sociocultural de Santa Baia de Castro”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024, co código 2024.2100.0023.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 31 de maio do 2024, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024 e o seu Plan Complementario no que se inclúe este investimento do Concello de Coristanco.

Tendo en conta que no apartado 2 do citado acordo plenario se indica que algúns dos investimentos que se detallan nos anexos IV e V teñen indicadas condicións singulares suspensivas, e quedará condicionada a súa aprobación definitiva ao cumprimento das condicións sinaladas, entre as que se encontra o seguinte investimento do Concello de Coristanco, cos datos que se indican na seguinte táboa:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDENTES
Coristanco	2024.2100.0023.0	Centro sociocultural de Santa Baia de Castro	221.602,00	14.348,00	235.950,00	-Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello -Autorización Consellería do Medio Rural

Logo de achegar o Concello de Coristanco un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 16 de febreiro de 2026 polas arquitectas Cristina Ouzande Lugo e Cristina Ezcurra de la Iglesia, que xa redactaran o proxecto inicialmente presentado, que corrixe os erros sinalados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe desfavorable do día 9 de febreiro de 2026, que ten un incremento do seu orzamento que é financiado polo concello segundo figura



no documento contable RC por importe de 44.047,22 €, correspondente á suma da achega municipal inicialmente prevista de 14.438,00 € e o incremento do proxecto modificado que ascende a 29.699,22 €.

Logo de ver que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 19 de febreiro de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado.

Logo de achegar o concello o Informe sectorial da Consellería do Medio Rural no que conclúe que non procede a emisión do informe solicitado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 2024 de novembro do 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 20245, do 27 de decembro de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108, do 5 de xuño de 2024, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+Adicional 2/2024 e 3/2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Centro sociocultural de Santa Baia de Castro”, do Concello de Coristanco, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024, co código 2024.2100.0023.0, que foi aprobado de forma condicionada á supervisión do proxecto corrixido e aprobación polo concello e á obtención da autorización da Consellería do Medio Rural, e que polo tanto, aínda non está adxudicado. Este proxecto que foi modificado para corrixir os erros sinalados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación nos seu informe desfavorable do día 9 de febreiro de 2026, conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis co informe de supervisión favorable emitido o 19 de febreiro de 2026 polo dito Servizo de Asistencia Técnica, e aínda que non supón unha variación nin do seu obxecto nin da súa finalidade, supón un incremento do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Coristanco tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello de Coristanco Centro sociocultural de Santa Baia de Castro 2024.2100.0023.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA	CONDICIÓNS CUMPRIDAS
Deputación	221.602,00	221.602,00	0,00	-Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello
Concello	14.348,00	44.047,22	29.699,22	
Total	235.950,00	235.950,00	29.699,22	-Autorización

**RPT-6654235



				Consellería do Medio Rural
--	--	--	--	----------------------------

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado e coa presentación da documentación relativa á autorización da Consellería de Medio Rural, considerar cumpridas as condicións singulares ás que foi sometido este investimento no acordo plenario provincial de 31 de maio de 2024, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024 e o seu Plan Complementario, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento e, en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento do Concello de Coristanco.

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 2026 / 0430 - 4592 - 76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Coristanco para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento.”

12.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do viario na Rúa San Martiño de Abaixo. Fase I", do Concello de Fisterra, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0526.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado da obra denominada “Mellora do viario na Rúa San Martiño de Abaixo. Fase I”, do Concello de Fisterra incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0526.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Logo de ver o acordo plenario do 25 de novembro do 2022, que en relación coa



Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 53608, do 26 de decembro de 2022 aprobou a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial, no que se inclúe, entre outros, este investimento do Concello de Fisterra cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Total	Condições
Fisterra	2022.2102.0526.0	Mellora do viario na Rúa San Martiño de Abaixo. Fase I	89.538,31	13,80	89.552,11	- Autorización Patrimonio Cultural - Xunta

Logo de que mediante Resolución de Presidencia número 39762 do 3 de outubro de 2024 declarouse cumprida a condición á que fora sometido, logo de que o concello presentase a documentación xustificativa necesaria, e aprobouse definitivamente a obra no Plan.

Logo de aprobar o Concello de Fisterra un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado o 12 de xaneiro de 2026, redactado para cumprir co establecido na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, cun incremento do orzamento de contrata respecto do proxecto incluído no Plan que é asumido integramente polo concello.

Logo de ver o certificado emitido pola intervención municipal, no que se fai constar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega municipal a este proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 e que lle son aplicables a esta segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora do viario na Rúa San Martiño de Abaixo. Fase I”, do Concello de Fisterra, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0526.0, asinado dixitalmente o 12 de xaneiro de 2026, que foi aprobado polo concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa finalidade de dar cumprimento ao esixido pola Dirección de Patrimonio cultural da Xunta de Galicia, contando cun informe de supervisión favorable asinado o 9 de febreiro de 2026 e tendo o proxecto modificado un incremento do seu orzamento que é asumido integramente polo

**RPT-6654235



Concello de Fisterra, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto Modificado "Mellora do viario na Rúa San Martiño de Abaixo. Fase I"				
Concello de Fisterra				
Código: 2022.2102.0526.0				
		Contrata	Adxudicación	Baixa
PROXECTO INICIAL	Deputación	89.538,31	79.880,00	9.658,31
	Concello	13,80	0,00	13,80
	Total	89.552,11	79.880,00	9.672,11
PROXECTO MODIFICADO	Deputación	89.538,31	79.880,00	9.658,31
	Concello	6.300,42	5.607,63	692,79
	Total	95.838,73	85.487,63	10.351,10
INCREMENTO	Deputación	0,00	0,00	0,00
	Concello	6.286,62	5.607,63	678,99
	Total	6.286,62	5.607,63	678,99

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Fisterra para os efectos oportunos."

13.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Conservación, mantemento e instalación ventilación mecánica edificio da Casa da Cultura de Mugar dos", do Concello de Mugar dos incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025 co código 2025.2102.0672.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Conservación, mantemento e instalación ventilación mecánica edificio da Casa da Cultura de Mugar dos", do Concello de Mugar dos, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia



municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025 co código 2025.2102.0672.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

O Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o 22 de decembro de 2025, aprobou a segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025 no marco das súas Bases reguladoras, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024, en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025, na que se inclúe, entre outros, o investimento que a continuación se indica:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDENTE
Mugardos	2025.2102.0672.0	Conservación, mantemento e instalación ventilación mecánica edificio da Casa da Cultura de Mugardos	42.453,34	5.919,39	48.372,73	- Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello

Logo de aprobar o Concello de Mugardos un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 12 de decembro de 2025 polo arquitecto Manuel Porto Vila, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 48.505,33 €, o que supón un incremento con respecto ao proxecto inicial de 132,60 €, xa que o primeiro proxecto presentado ascendía a 48.372,73 €, e que foi redactado para corrixir os erros detectados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación no seu informe desfavorable asinado dixitalmente o 28 de outubro de 2025.

Logo de ver que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 11 de febreiro de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024, en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**



1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Conservación, mantemento e instalación ventilación mecánica edificio da Casa da Cultura de Mugardos”, do Concello de Mugardos, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025, co código 2025.2102.0672.0, que foi redactado para corrixir os erros detectados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación no seu informe desfavorable asinado dixitalmente o 28 de outubro de 2025, cun orzamento de contrata de 48.505,33 €, aprobado polo órgano competente do concello, que conta co informe de supervisión favorable do 11 de febreiro de 2026 do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables. Este proxecto modificado implica un incremento do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial de 132,60 € tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado Concello de Mugardos “Conservación, mantemento e instalación ventilación mecánica edificio da Casa da Cultura de Mugardos” Código 2025.2102.0672.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	42.453,34	42.453,34	0,00
Concello	5.919,39	6.051,99	132,60
Total	48.372,73	48.505,33	132,60

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, considerar cumprida a condición á que foi sometido, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento, quedando o cadro de financiamento definitivo como se indica a continuación:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDA
Mugardos	2025.2102.0672.0	Conservación, mantemento e instalación ventilación mecánica edificio da Casa da Cultura de Mugardos	42.453,34	6.051,99	48.505,33	- Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 2026 / 0430 - 3337 - 76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Mugardos asume integramente o incremento do financiamento do proxecto modificado, segundo consta no documento contable RC asinado dixitalmente o 8 de abril de 2026 pola interventora do concello, acreditativa da existencia de crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega municipal a esta obra.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Mugardos para os efectos oportunos.”

14.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación de rede de saneamento e instalación de bombeo no lugar de Tronco fase 1", do Concello de Rianxo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos



de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2100.0034.0, levantamento das condicións as que quedou sometido e aprobación definitiva do investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Ampliación de rede de saneamento e instalación de bombeo no lugar de Tronco fase 1”, do Concello de Rianxo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2100.0034.0, do Concello de Rianxo, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de maio de 2023 que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2023 e o seu Plan Complementario, en cuxo apartado 2 se inclúe, entre outros, este investimento do Concello de Rianxo condicionado á obtención das autorizacións de Patrimonio Cultural, Augas de Galicia, e do Servizo de Urbanismo-Costas da Xunta de Galicia, de acordo cos datos que se reflicten na seguinte táboa:

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total	Condicións pendentes
Rianxo	2023.2100.0034.0	Ampliación de rede de saneamento e instalación de bombeo no lugar de Tronco fase 1	208.785,50	0,00	208.785,50	- Autorización Patrimonio Cultural -Xunta - Autorización Augas de Galicia - Autorización Servizo Urbanismo-Costas- Xunta

Logo de achegar ao expediente as Resolucións de Patrimonio Cultural, de Augas de Galicia, que segundo o informe da arquitecta municipal de data 25 de marzo de 2026, xa non se precisa para este proxecto modificado ao suprimirse neste proxecto o tramo situado na zona de policía de rego, e da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático (organismo competente para outorgar autorizacións en zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre), que autorizan, cunha serie de condicións de execución, as obras deste investimento.

Logo de presentar o Concello de Rianxo un proxecto modificado deste investimento asinado dixitalmente o 12 de marzo de 2026 polo arquitecto Juan Carlos Bastos González, que xa redactara o proxecto inicial, manténdose o mesmo orzamento total de contrata do proxecto inicial, que foi aprobado por Resolución da Alcaldía do 24 de marzo de 2026, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, que está



aínda sen adxudicar, e que foi redactado, á vista dos informes vinculantes emitidos pola Demarcación de Costas do Estado o 28 de marzo de 2023, o 6 de febreiro de 2024 e o 16 de agosto de 2024, coa finalidade de modificar parte do trazado recollido no proxecto inicial ao esixir este Organismo que tanto a rede de saneamento que se pretende ampliar como a instalación da estación de bombeo se sitúen fora dos primeiros vinte metros da zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, debendo, ademais, prantexar unha solución alternativa para a recollida das augas residuais provenientes das vivendas máis próximas á costa, que é onde se pretende facer a actuación.

Tendo en conta que estas modificacións supoñen, polo tanto, un cambio do trazado previsto no proxecto inicial asinado en decembro de 2022

Logo de ver o informe emitido pola arquitecta municipal de 25 de marzo de 2026 no que conclúe que este proxecto cumpre coas condicións particulares que se indican nas anteriores autorizacións.

Tendo en conta que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 18 de marzo de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado de 12 de marzo de 2026

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases Reguladoras do POS+2023, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 25 de novembro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228 do 1 de decembro de 2022.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado asinado dixitalmente o 12 de marzo de 2026 do investimento denominado "Ampliación de rede de saneamento e instalación de bombeo no lugar de Tronco fase 1", do Concello de Rianxo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2100.0034.0, que fora aprobado polo Pleno desta deputación de forma condicionada á obtención das autorizacións de Patrimonio Cultural, de Augas de Galicia e do Servizo de Urbanismo-Costas da Xunta de Galicia, (organismo competente para outorgar a autorización no momento do inicio da tramitación do expediente) e que, polo tanto, aínda non está adxudicado, que se aprobou polo concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, manténdose o mesmo orzamento de contrata do proxecto inicial e que foi redactado á vista dos informes vinculantes emitidos pola Demarcación de Costas do Estado o 28 de marzo de 2023, o 6 de febreiro de 2024 e o 16 de agosto de 2024, coa finalidade de modificar parte do trazado recollido no proxecto inicial ao indicar este Organismo que tanto a rede de saneamento que se pretende ampliar como a instalación da estación de bombeo deben situarse fora dos primeiros vinte metros da zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, debendo ademais, prantexar unha solución alternativa para a recollida das augas residuais das vivendas máis próximas á costa, que é onde se pretende facer a actuación, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:



Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total	Condições cumpridas
Rianxo	2023.2100.0034.0	Ampliación de rede de saneamento e instalación de bombeo no lugar de Tronco fase 1	208.785,50	0,00	208.785,50	- Autorización Patrimonio Cultural -Xunta - Autorización Augas de Galicia - Autorización Servizo Urbanismo-Costas- Xunta

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado e coa presentación das autorizacións administrativas precisas para a execución desta obra, considerar cumpridas as condicións ás que fora sometido a aprobación deste investimento no acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de maio de 2023 que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2023 e o seu Plan Complementario e, en consecuencia, aprobalo definitivamente dentro do Plan.

3.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Rianxo para os efectos oportunos.”

15.- Dación de conta da remisión da liquidación do orzamento do exercicio 2025 da Deputación Provincial da Coruña e do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña á Administración do Estado.

Dáse conta da remisión da liquidación do orzamento do exercicio 2025 da Deputación Provincial da Coruña e do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña á Administración do Estado, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

16.- Dación de conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas da Deputación Provincial da Coruña do exercicio 2025.

Dáse conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas da Deputación Provincial da Coruña do exercicio 2025, en cumprimento do artigo 12.3 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

17.- Dación de conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2025.

Dáse conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2025, en cumprimento do artigo 12.3 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.



18.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a marzo de 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de marzo de 2026.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de marzo de 2026.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.”

19.- Dación de conta da corrección de erros do Informe-resumo de resultados de control interno no exercicio 2025 ao que se refire o artigo 37 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

Dáse conta da corrección de erros do Informe-resumo de resultados de control interno do exercicio 2025 ao que se refire o artigo 37 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

20.- Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a marzo de 2026 e proxección a 31/12/2026.

PRIMEIRO.- Dar conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31 de marzo de 2026, que informa a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

SEGUNDO.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

TERCEIRO.- Se se teñen en consideración os criterios utilizados pola Administración do Estado na avaliación da estabilidade orzamentaria obtéñense os resultados que se recollen no Anexo I e que supoñen o previsible cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto ao longo do exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan



económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2026, xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

CUARTO.- Informar periodicamente ao Pleno sobre o estado de execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

21.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 2/2026 de aprobación polo Pleno.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 2/2026 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 125.175.038,18 € que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Créditos extraordinarios (CE):	1.335.007,00	Baixas por anulación (BA):	15.781.339,64
Suplementos de crédito (SC):	123.840.031,18	Remanente de Tesourería	109.393.698,54
Total aumentos:	125.175.038,18	Total financiamento:	125.175.038,18

B) RESUMO POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas	Baixas	Capítulo	Altas
1 Gastos de persoal	16.395,12	0,00	1 Impostos directos	0,00
2 Gastos correntes	784.200,00	0,00	2 Impostos indirectos	0,00
3 Gastos financeiros	0,00	0,00	3 Taxas e outros ingresos	0,00
4 Trans. Correntes	39.438.045,20	0,00	4 Transferencias correntes	0,00
5 Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00	5 Ingresos patrimoniais	0,00



6 Invetimentos reais	5.668.500,00	0,00	6 Alleamento investimentos reais	0,00
7 Trans. de capital	79.267.897,86	15.781.339,64	7 Transferencias de capital	0,00
8 Activos financeiros	0,00	0,00	8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	109.393.698,54
9 Pasivos financeiros	0,00	0,00	9 Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	125.175.038,18	15.781.339,64	TOTAL:	109.393.698,54

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril, e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Hacienda en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2026 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles.

6.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará tramite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais



con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre "Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas", de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar; debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de todo o estado.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

22.- Dación de conta da liquidación definitiva do exercicio de 2025 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación definitiva do exercicio de 2025 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

23.- Dación de conta da actualización das entregas a conta realizadas no exercicio 2026 e da entrega a conta de marzo de 2026 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da actualización das entregas a conta realizadas no exercicio 2026 e da entrega a conta de marzo de 2026 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

24.- Aprobación da inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 do Programa FO103E de subvencións a entidades da provincia, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de eventos deportivos de competición oficial na provincia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Primeiro.- Aprobar a inclusión no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 do Programa FO103E de subvencións a entidades da provincia, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de eventos deportivos de competición oficial na provincia, proposta polo Servizo de Acción Social, Educación, Deportes e Mocidade. Sección de Deportes e Mocidade.

Segundo.- Incluír no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 a ficha individualizada do programa de subvencións indicada no apartado 1º, con referencia aos seus obxectivos estratéxico e operativo, que quedaría como se transcribe a continuación:



FICHA DE SUBVENCIÓN / AXUDA

Liña de fomento provincial	Programa de Subvencións a Entidades da Provincia, sen Ánimo de Lucro, para o Desenvolvemento de Eventos Deportivos de Competición Oficial na Provincia _Concurrencia non competitiva
Código identificativo	FO103E
Área	Deportes
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Educación, Deportes e Mocidade Sección de Deportes e Mocidade
Competencia desenvolvida	Deportes
Custo previsible	150.000,00 €
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Promoción e fomento do deporte
Fontes de financiamento	Propia
Normativa de xestión	Bases reguladoras da convocatoria
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública de concurrencia non competitiva
Publicación	BOP
Sector obxectivo	Actividades deportivas
Obxectivo xeral	Promoción e difusión do deporte
Obxectivo específico	Sufragar os gastos inherentes á organización de eventos deportivos de competicións oficiais na provincia da Coruña, polos entidades da provincia por encomenda da Federación correspondente e fóra do prazo de solicitude das convocatorias de concurrencia competitiva (FO103A/2026 e FO103D/2026)
Beneficiarios	Poderán solicitar subvencións neste programa as entidades sen fins de lucro, legalmente constituídos e con domicilio fiscal na provincia da Coruña, que cumpran os requisitos desta convocatoria e os requisitos establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude. Deberán acreditar ser organizadores dun evento deportivo de competición oficial para o que solicitan a subvención por encomenda da Federación correspondente, e que dita encomenda tivera lugar fóra do prazo de solicitude das convocatorias de concurrencia FO103A/2026 e FO103D/2026.
Indicadores de seguimento	Nº de candidaturas presentadas



OBXECTIVO ESTRATÉXICO E OPERATIVO:

Obxectivo estratéxico 08		Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da actividade física e o deporte como principio de saúde				
OBXECTIVO OPERATIVO	ACTIVIDADE DE FOMENTO					
	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	MODALIDADE	DESTINATARIOS	PREVISIÓN ORZAMENTARIA	ÁREA DE COMPETENCIA
O.40	FO103E	Programa de Subvencións a Entidades da Provincia, sen Ánimo de Lucro, para o Desenvolvemento de Eventos Deportivos de Competición Oficial na Provincia	Convocatoria pública/ Concorrenncia non competitiva	Entidades sen fins de lucro, legalmente constituídos e con domicilio fiscal na provincia da Coruña,	150.000,00 €	Servizo de Acción Social, Educación, Deportes e Mocidade Sección de Deportes e Mocidade
OBXECTIVO OPERATIVO	CONCEPTO					
40	Impulsar e apoiar actividades de difusión deportiva, eventos deportivos favorecedores da extensión e divulgación do deporte no ámbito persoal, cultural, educativo e social					

25.- Aprobación do proxecto da obra Reconstrucción de muro de escollera na DP Carballo a Portomouro, Punto quilométrico 10+630 (Carballo)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“APROBAR o Proxecto Reconstrucción de muros de escollera na DP 1914 Carballo a Portomouro Punto quilométrico 10+630 (Carballo) e consideralo incluído no orzamento provincial do 2026 con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/61900 que se detalla:

Denominación: Proxecto Reconstrucción de muros de escollera na DP 1914 Carballo a Portomouro Punto quilométrico 10+630 (Carballo)

Código: 2026.1100.0037.0

Orzamento: 200.972,52 €

Prazo de execución: 4 meses.”



26.- Aprobación do proxecto da obra Mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente DP 3404 A Serra de Outes a Dumbría punto quilométrico 22+790 ao 27+160 (Dumbría)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“APROBAR o Proxecto Mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente DP 3404 Serra de Outes a Dumbría punto quilométrico 22+790 ao 27+160 (Dumbría) e consideralo incluído no orzamento Provincial de 2026 con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/61900 que se detalla:

Denominación: Proxecto Mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente DP 3404 Serra de Outes a Dumbría PQ 22+790 ao PQ 27+160 (Dumbría)

Código: 2026.1100.0038.0

Orzamento: 450.448,82 €

Prazo de execución: 4 meses.”

27.- Aprobación do proxecto da obra Mellora de firme con MBQ na DP 2403 Cerceda a Xesteda punto quilométrico 2+900 ao 5+500 (Cerceda)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“APROBAR o Proxecto Mellora de capa de rodaxe con Mellora de firme con MBQ na DP 2403 Cerceda a Xesteda punto quilométrico 2+900 ao 5+500 (Cerceda) e consideralo incluído no orzamento provincial do 2026 con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/61900 que se detalla:

Denominación: Proxecto Mellora de firme con MBQ na DP 2403 Cerceda a Xesteda PQ. 2+900 ao 5+500 (Cerceda)

Código: 2026.1100.0036.0

Orzamento: 447.583,28 €

Prazo de execución: 5 meses.”



28.- Aprobación do proxecto da obra Mellora de capa de rodaxe con MBQ na DP 0106 San Vicente de Vigo a Oza dos Rios punto quilométrico 3+230- 8+200 (Oza Cesuras)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“APROBAR o proxecto Proxecto Mellora de capa de rodaxe con MBQ na DP 0106 San Vicente de Vigo a Oza dos Rios punto quilométrico 3+230 - 8+200. Concello de Oza-Cesuras cun orzamento total de 531.849,06 €, con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/61900 que se detalla:

Denominación: Proxecto Mellora de capa de rodaxe con MBQ na DP 0106 San Vicente de Vigo a Oza dos Rios punto quilométrico 3+230 - 8+200 (Oza Cesuras)

Código: 2026.1100.0035.0

Orzamento: 531.849,06 €

Prazo de execución: 3 meses.”

29.- Aprobación do proxecto Mellora de capa de rodadura con mestura bituminosa quente DP 2204 Cedeira a Chímparra punto quilométrico 1+390 ao 2+495 -DP 2206 de As Pontigas ao quilómetro 1 de San Andrés de Teixido punto quilométrico 0+000 ao 0+320 (Cedeira)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar o proxecto de Mellora de capa de rodadura con mestura bituminosa quente DP 2204 Cedeira a Chímparra punto quilométrico 1+390 ao 2+495 -DP 2206 de As Pontigas ao quilómetro 1 de San Andrés de Teixido punto quilométrico 0+000 ao 0+320 (Cedeira) co cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/60900:

Denominación: Mellora de capa de rodadura con mestura bituminosa quente DP 2204 Cedeira a Chímparra punto quilométrico 1+390 ao 2+495 -DP 2206 de As Pontigas ao quilómetro 1 de San Andrés de Teixido punto quilométrico 0+000 ao 0+320 (Cedeira)

Código: 2026.1110.0001.0

Concello: Cedeira



Orzamento: 203.448,42 €

Prazo de execución: 3 meses.”

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Sr. Presidente

Hai dous puntos fóra da orde do día, 30 e 31.

30.- Aprobación da segunda addenda ao convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do plan de sustentabilidade turística en destino proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationeu

Procede a votarse a inclusión na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Aprobada a inclusión, procede a votación do punto:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver os informes e demais antecedentes sobre a proposta de addenda do convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Excm. Deputación provincial da Coruña, para financiar o “Plan de sostibilidade turística en destino Proxecto de Geoparque Cabo Ortegal” propónse á Comisión informativa de Promoción turística, artesanía, comercio e cadea agroalimentaria a adopción do seguinte acordo:

“1º Aprobar o texto da segunda Addenda ao Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Excm. Deputación provincial da Coruña con CIF Q1500394J, para financiar o “Plan de sustentabilidade turística en destino Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal”.

O texto da Addenda do Convenio é o seguinte:

SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU



Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E da outra, D. Xosé Regueira Varela, Vicepresidente da **Deputación Provincial da Coruña** e Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, (CIF P1500000C), que actúa en nome e representación de aquela por delegación de atribucións do Presidente en deputados membros da Xunta de Goberno recollida na Resolución de Presidencia 2023/29343 de 24/07/2023, e en virtude do contemplado nos artigos 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e os artigos 40.3, 41 e 42 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o 5 de outubro de 2022 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) da Deputación da Coruña, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística Litoral de Galicia da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a execución do mesmo.

A vixencia deste convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2024.

O 10 de decembro de 2024 asinouse unha addenda cuxo obxecto é a modificación do convenio asinado no relativo ás etiquetas, reprogramación de actuacións, o número de reunións da comisión de seguemento, as porcentaxes de execución, a compatibilidade con outras axudas, a actualización das DACI e a autorización de prórroga.

A vixencia do convenio esténdese ata o 31 de maio de 2026

Segundo.- A Decisión de Execución do Concello relativa á aprobación da avaliación do PRTR de España establece para o C14.I1.2 unha serie de Fitos e Obxectivos vinculantes denominados CID (Council Implementing Decision) para esta Submedida que foron simplificados na Adenda aprobada polo ECOFIN o 13 de xaneiro de 2026. Dita Adenda



elimina o Fito 220 da Decisión de Execución do Consello pola que se aproba a avaliación do PRTR (documento CID, nas súas siglas en inglés). Anteriormente este fito 220 fixo referencia ao grado intermedio de execución dos Plans de Sostibilidade Turística en Destinos (PSTD), establecendo que, a 31 de decembro de 2024, as Comisións de Seguemento debían asegurar que todos os destinos beneficiarios alcanzasen, como mínimo, as seguintes porcentaxes de execución de cada plan: 50 %, no caso dos destinos adxudicados en 2021. • 30 %, no caso dos destinos adxudicados en 2022. • 15 %, no caso dos destinos adxudicados en 2023.

Así mesmo, a Adenda modifica o Fito CID 221, que na súa redacción anterior establecía que, a 30 de xuño de 2026, debía certificarse a finalización de todos os proxectos incluídos nos “Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos”, adxudicados conforme aos obxetivos 217, 218 y 219, destinándose polo menos o 35 % dos fondos a financiar actuacións vinculadas á transición verde, a sostibilidade e a eficiencia enerxética e a electromovibilidade nos destinos.

A nova redacción do Fito CID 221 mantén o 30 de xuño de 2026 como prazo máximo para a finalización das actuacións incluídas nos PSTD, que pasan a constituir a unidade de medida para a xustificación. Neste sentido, para un número total acumulado de 4.200 actuacións, esíxese a acreditación da súa finalización mediante algún dos seguintes instrumentos:

- informes finais acreditativos da finalización das actividades subvencionadas por parte dos beneficiarios (entidades ou particulares) de subvencións relacionadas cos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos»,
- ou confirmacións por parte da Administración da execución das obras contratadas no ámbito dos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos», • ou certificacións de fin de obra relacionadas con «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos».

A Addenda aprobada polo ECOFIN o 13 de xaneiro de 2026 é a que permite que as Comunidade Autónoma de Galicia poida prorrogar a execución dos PSTD. Esta ampliación de prazos leva aparellada a ampliación do prazo de amortización do anticipo reembolsable.

Así mesmo, fai preciso modificar as cláusulas do obxecto do convenio, das obrigas da entidade beneficiaria e de prazo e forma da xustificación no contido referido expresamente ao Fito 220 e 221.

Terceiro.- A necesidade imperativa de dotar ao proxecto dunha maior axilidade administrativa fai preciso dotar á Comisión de Seguimento de potestades que lle permitan actuar ante incidencias operativas non sustanciais e evitar trámites redundantes que dilaten a execución, para garantir a eficacia e o bo fin do proxecto, o que mellora a eficiencia operativa e a optimización do seguimento, evitando demoras innecesarias na execución baixo a premisa de que as solucións técnicas e Operativas adoptadas de forma urxente por esta vía sexan posteriormente ratificadas e validadas pola Comisión Bilateral. De este modo, garantízase unha execución fluida sen renunciar ao control xerárquico e á seguridade xurídica que proporciona o máximo órgano de decisión, todo isto de acordo co previsto na Resolución de 24 de febreiro de 2026, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica a modificación do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 21 de decembro de 2021, polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado á financiación de actuacións de inversión por parte de entidades



locais no marco da Compoñente 14, Inversión 1, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Cuarto.- A ampliación de prazo de presentación da documentación xustificativa fundaméntase na necesidade de garantir unha **óptima execución da actividade subvencionada**, asegurando que o cumprimento dos obxectivos previstos alcance os estándares de calidade técnica e rigor administrativo. Dadas as circunstancias de complexidade documental, resulta imprescindible dispoñer dunha marxe adicional que permita unha **correcta e completa xustificación dos fondos públicos recibidos**, evitando que se comprometa a finalidade de axuda ou a transparencia do procedemento. Esta medida, amparada no artigo 32 da Lei 39/2015, non supón prexuízo para terceiros e busca, exclusivamente, o interese xeral mediante a consecución o proxecto financiado.

Visto o anteriormente exposto e unha vez asinado o convenio, faise necesaria a modificación do convenio asinado no relativo ó obxecto, as obrigas da entidade beneficiaria, as condicións e amortización do anticipo reembolsable, a comisión de seguimento, o prazo e forma de xustificación e a vixencia

Por estes motivos, acórdase subscribir a presente addenda que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Modifícanse as cláusulas primeira, quinta, sétima, novena, décima e décima sexta, de forma que quedan redactadas do seguinte xeito:

“Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) da Deputación da Coruña, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística Litoral de Galicia da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a execución do mesmo.

En concreto, o PSDT obxecto deste convenio enmárcase no Obxectivo 217 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como no fito 221, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.

Quinta.- Obrigas da entidade beneficiaria

Compromisos asumidos en canto á execución do subproyecto:

1.-De conformidade co disposto na LEI 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, como no artigo 37.4 a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, os ingresos percibidos pola comunidade autónoma de Galicia para a execución do proxectos obxecto de financiamento, por estar incluídos dentro do ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia queda legalmente afectados a financiar os devanditos proxectos, coa correlativa obriga do reintegro total ou parcial dos devanditos ingresos en caso de non realizarse o gasto ou en caso de incumprimento total ou parcial dos obxectivos previstos.



2.-As actuacións para realizar pola Entidade beneficiaria serán os recollidos na cláusula 3 e executaranse de conformidade cos fitos, obxectivos e a calendarización de cada proxecto/ subproyecto definidos no Anexo I. Así mesmo, corresponde á Entidade Local:

a) Executar as actuacións do programa e aplicar os fondos previstos no punto anterior aos gastos correspondentes á execución e desenvolvemento das actuacións previstas no presente Convenio.

b) Destinar o importe ás actuacións concretas de investimento a executar no prazo estipulado na cláusula 3 e Anexo I.

c) Destinar os recursos humanos e materiais que sexan necesarios para cumprir os prazos de execución e maximizar os resultados perseguidos polo convenio.

d) Xustificar a realización das actuacións recollidas no convenio ante a Axencia Turismo de Galicia mediante a documentación que se recolle no presente convenio (cláusula 10).

e) Actuar mediante os principios de obxectividade, publicidade e transparencia na actuación administrativa.

f) Cumprir as obrigas dispostas no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Obriga de sometemento ás disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

1. Con carácter xeral, son obrigas da entidade local:

a) Contribuír ao cumprimento do Obxectivo 217 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como no fito 221, relativo á finalización dos proxectos de promoción da sustentabilidade turística en destinos.

b) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto, na forma, condicións e prazo establecidos no presente convenio, así como xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade e o seu custo real.

c) A prevención, detección, comunicación, corrección e avaliación de risco de fraude, corrupción e conflito de interese e o enchemento da Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) e a dispoñibilidade dun procedemento para abordar estes conflitos de intereses no marco do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e de acordo coas obrigas da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro. A este respecto, a entidade local beneficiaria, deberá aplicar o Plan Xeral de Prevención de riscos e de medidas anti-fraude na aplicación de fondos públicos: especial consideración dos fondos procedentes do "Plan Xeral de prevención de riscos na xestión económica-financeira e de medidas antifraude (PREMADECOR) da Deputación Provincial da Coruña".

Este Plan permítelle garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.



En especial, tomarán as medidas para asegurar que non exista conflito de interese, incluíndo nos expedientes que se tramiten os informes ou declaracións responsables necesarias, segundo corresponda, e aplicando a normativa reguladora dos conflitos de interese en caso de detectalos.

d) Someterse ás actuacións de control e seguimento da aplicación dos fondos destinados ao proxecto mediante a verificación de documentos e á avaliación continua e final por parte da Axencia Turismo de Galicia, así como ao control financeiro dos mesmos pola Consellería de Facenda da comunidade autónoma e o Tribunal de Cuentas e órganos estatais e europeos que teñan encomendado o control e seguimento dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en particular a Comisión europea, o Tribunal de Contas Europeo, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF) e a Fiscalía europea, que poderán acceder á información de detalle das actuacións realizadas.

e) Comprométense a remitir a Axencia Turismo de Galicia tanta información fose necesaria sobre xestión, execución e control de todas as actuacións que se realicen no marco do presente convenio.

f) A entidade local beneficiaria, en canto entidade executora, levará a cabo o indicado no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, en relación coa identificación do perceptor final dos fondos, entidades beneficiarias das axudas, contratistas e subcontratistas e á achega desta información.

Especificamente, deberá preverse a aceptación por parte dos perceptores finais dos fondos da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, conforme ao modelo establecido no anexo IV. B da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

A tal fin, a entidade local beneficiaria executante incluírá nos procedementos de licitación as seguintes obrigas en relación coa identificación dos contratistas e subcontratistas:

- NIF do contratista ou subcontratistas.
- Nome ou razón social.
- Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.
- Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (Modelo anexo IV. B).
- Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión (Modelo anexo IV. C).

Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retenedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración autonómica, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.



g) Mantemento dunha adecuada pista de auditoría das actuacións realizadas no marco deste convenio e a obriga de mantemento da documentación soporte. A subministración da información realizarase nos termos establecidos pola Orde HFP/1030/2021 e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

h) Custodiar e conservar toda a documentación orixinal, xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

i) Deberán conservar, os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernentes ao financiamento, así como os rexistros e documentos, en formato electrónico e por un período de cinco anos desde que se abonase o saldo da operación financeira, ou por un período de tres anos, cando o importe da subvención sexa inferior a 60.000 euros, nos termos previstos no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo.

j) A entidade local beneficiaria está obrigada a crear en España todo o emprego necesario para a realización da actividade, que se realizará con persoal contratado e afiliado á Seguridade Social. O cumprimento deste requisito terá que xustificarse documentalmente.

k) A entidade local beneficiaria deberán cumprir coa normativa nacional e europea relativa á compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento, de acordo co previsto no artigo 7 da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro., conforme ao previsto na cláusula 13 do presente convenio.

l) Devolver a Axencia de Turismo de Galicia as cantidades anticipadas, que non se utilizaron na execución da actividade ou actividades, nos prazos e condicións previstos no presente convenio, de acordo ao procedemento establecido na Cláusula 10.

ll) Cumprir coas obrigas de publicidade, medidas de difusión e comunicación, conforme ao previsto no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como coa cláusula 11 do presente convenio.

m) A entidade beneficiaria comprométese a incluír os datos e información que sexan pertinentes sobre as actuacións financiadas con fondos MRR e nos prazos que correspondan, no aplicativo que para ese efecto establecerá a administración competente.

2. En aplicación do principio de «non causar dano significativo» (principio « do non significant harm- DNSH»), de acordo co previsto no Plan de Recuperación, e polo Regulamento (UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, respectarase a normativa ambiental aplicable, incluído o Regulamento (UE) 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como a Guía Técnica da Comisión Europea (2021/ C 58/01) sobre a aplicación deste principio de «non causar dano significativo». Respectaranse os procedementos de avaliación ambiental, cando sexan de aplicación, conforme á lexislación vixente, así como outras avaliacións de repercusións que puidesen resultar de aplicación en virtude da lexislación ambiental. Deberase achegar xustificación do cumprimento do principio DNSH mediante unha avaliación favorable de adecuación ao principio de DNSH, ou no seu caso, unha declaración responsable do cumprimento do mesmo.



En todo caso, seguindo o disposto na Decisión de Execución do Consello, a fin de garantir que as medidas contidas no PSTD axústanse á Guía técnica sobre a aplicación do principio de DNSH, os criterios de subvencionabilidade incluídos no prego de condicións para as próximas convocatorias de proxectos excluirán as actividades que se enumeran a continuación: i) as actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a utilización ulterior dos mesmos; ii) as actividades no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se preveja que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes; iii) as actividades relacionadas con entulleiras de residuos, incineradoras e plantas de tratamento mecánico-biolóxico; e iv) as actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente. O prego de condicións esixirá ademais que só poidan seleccionarse aquelas actividades que cumpran a lexislación ambiental nacional e da UE pertinente.

3. Pola demais normativa reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, en especial, co disposto na normativa que a Comunidade Autónoma de Galicia e o Goberno de España aprobe a este respecto, así como polas disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Así mesmo a entidade local beneficiaria comprométese a devolver o anticipo reembolsable nos termos pactados na cláusula sétima e debe acreditar, previamente ao pago do anticipo reembolsable, que se atopa ao corrente das súas obrigacións coa Seguridade Social, non tendo débedas en período executivo de pago co Estado, nin de carácter tributario con outras Administracións Públicas así como acreditar que non está incurso nalgunha das circunstancias reguladas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

Sétima. Condicións e amortización do anticipo reembolsable.

1. As condicións do anticipo reembolsable son as seguintes:

O tipo de interese é do 0%, e o prazo máximo de amortización do principal vence o 31 de decembro de 2026.

2. Non obstante o anterior, o correcto cumprimento polo beneficiario das obrigacións asociadas a axuda, incluíndo a súa adecuada execución e xustificación, que culmine na efectiva concesión da devandita axuda dará lugar á aplicación da mesma á amortización do anticipo reembolsable. Neste caso, o libramento da axuda realizarase en formalización, sen saída física de fondos, aplicándose á amortización do anticipo reembolsable

Novena. Comisión de seguimento.

1. Para o control e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio, quedará constituída a comisión de seguimento desde a firma do presente convenio e ditará as normas internas do seu funcionamento, debéndose reunir sempre que o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos dúas veces ao ano.

2. A Comisión no seu funcionamento rexerase polo previsto no presente convenio e supletoriamente polo disposto na Sección Terceira do Capítulo II do Título Preliminar de Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

3. A Comisión é paritaria e está integrada polos seguintes membros:



Dous representantes da comunidade Autónoma

Dous representantes da entidade local.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirirá a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

4. As funcións asignadas á Comisión de Seguimento consistirán na vixilancia, control, seguimento e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio.

5. A Comisión de Seguimento poderá informar favorablemente as modificacións non substanciais das actuacións previstas, previa solicitude motivada e sempre que respondan á mesma finalidade e obxectivos da intervención aprobada, non alteren a coherencia global do Plan Territorial, non supoñan incremento do orzamento inicial asignado, nin afecten aos compromisos derivados do PRTR.

Para os efectos de garantir a correcta execución do PRTR, no tramo final do período de execución, poderán considerarse validamente informadas pola Comisión de Seguimento aquelas modificacións non substanciais acordadas dende o 01.01.2026, sempre que a súa formalización definitiva se produza mediante o instrumento procedente e non afecten aos compromisos asumidos ante a Comisión Europea.

6. Respecto das modificacións substanciais, as ditas modificacións deberán seguir o procedemento establecido.

Décima.- Prazo e forma de xustificación.

1. A Deputación da Coruña, finalizará a execución das actuacións obxecto do convenio, efectuará os seus pagamentos e terá subido ó aplicativo establecido ao efecto a documentación preceptiva como data límite o 30 de xuño de 2026. A documentación xustificativa terá de data límite para a súa presentación ante a Axencia de Turismo de Galicia o 30 de setembro de 2026 e presentará unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas e unha memoria económica, tendo en conta as singularidades establecidas no artigo 63 da Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, que conterà a seguinte documentación:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a axuda outórguese conforme un orzamento, indicaranse as desviacións acaecidas.

c) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso, a documentación acreditativa do pago.

d) Os tres presupostos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, deba solicitar o beneficiario.

e) Certificado expedido polo Interventor, acreditativo da aplicación á súa finalidade dos fondos percibidos e o detalle dos pagos efectuados correspondentes ás actuacións subvencionadas obxecto da subvención.



f) Certificado emitido polo concello que acredite a realización da actividade e o cumprimento da finalidade, así como do informe emitido pola Intervención

g) Documento acreditativo sobre as medidas de difusión adoptadas para xeral coñecemento do financiamento polo Estado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia das actuacións obxecto da subvención.

h) Documentos de declaracións responsables, atendendo ás disposicións normativas sobre o sistema de xestión e de información establecidas na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

2. Deberá conservar toda a documentación orixinal, xustificativa e de aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

3. Así mesmo, a entidade local deberá presentar calquera outros informes ou documentos xustificativos que de acordo coa normativa europea ou nacional resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

4. A Axencia de Turismo de Galicia comprobará a documentación achegada e poderá solicitar a achega adicional doutros documentos ou datos aclaratorios que estime necesarios ou no seu caso, se fose preciso, do correspondente procedemento de reintegro dos importes non utilizados.

Por outra banda, en virtude do disposto no Fito 221, para un número total acumulado de 4200 actuacións relacionadas cos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos» exíxese a acreditación da súa finalización mediante: os informes finais ou memorias xustificativas por parte dos beneficiarios (públicos ou privados) para as subvencións relacionadas cos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos», ou certificados ou actas de conformidade para os contratos recollidos nos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos», o certificado de fin de obra relacionadas con «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos».

Producirase a devolución anticipada do anticipo reembolsable xunto cos intereses de demora, nos seguintes casos:

- Se se cancelase total ou parcialmente o proxecto por causas imputables aos beneficiarios ou aos seus contratistas/subcontratistas.
- Se se producise a resolución do presente convenio.
- Cando non se presentou da documentación xustificativa nos prazos indicados, ou esta non fose correcta.

Decima sexta.-Vixencia.

1.- O presente convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2026

Segunda. Publicidade e rexistro da addenda. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.



Asemade procederáse a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas nesta.

Terceira. Condicións

Esta addenda rexeráse polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado nesta addenda, asínanas na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Pola Deputación da Coruña

O director

O vicepresidente

José Manuel Merelles Remy

Xosé Regueira Varela”

31.- Aprobación da segunda addenda ao convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do plan de sustentabilidade turística en destino proxecto Fragas do Eume no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationeu

Procede a votarse a inclusión na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Aprobada a inclusión, procede a votación do punto:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver os informes e demais antecedentes sobre a proposta de addenda do convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Excm. Deputación provincial da Coruña, para financiar o “Plan de sostibilidade turística en destino Fragas do Eume” propónse á Comisión informativa de Promoción turística, artesanía, comercio e cadea agroalimentaria a adopción do seguinte acordo:



“1º Aprobar o texto da segunda Addenda ao Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Excm. Deputación provincial da Coruña con CIF Q1500394J, para financiar o “Plan de sustentabilidade turística en destino Fragas do Eume”.

O texto da Addenda do Convenio é o seguinte:

SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO FRAGAS DO EUME NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E da outra, D. Xosé Regueira Varela, Vicepresidente da **Deputación Provincial da Coruña** e Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, (CIF P1500000C), que actúa en nome e representación de aquela por delegación de atribucións do Presidente en deputados membros da Xunta de Goberno recollida na Resolución de Presidencia 2023/29343 de 24/07/2023, e en virtude do contemplado nos artigos 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e os artigos 40.3, 41 e 42 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o 5 de outubro de 2022 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) da Deputación da Coruña, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística Litoral de Galicia da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a execución do mesmo.

A vixencia deste convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2024.



O 10 de decembro de 2024 asinouse unha addenda cuxo obxecto é a modificación do convenio asinado no relativo ás etiquetas, reprogramación de actuacións, o número de reunións da comisión de seguemento, as porcentaxes de execución, a compatibilidade con outras axudas, a actualización das DACI e a autorización de prórroga.

A vixencia do convenio esténdese ata o 31 de maio de 2026

Segundo.- A Decisión de Execución do Concello relativa á aprobación da avaliación do PRTR de España establece para o C14.I1.2 unha serie de Fitos e Obxectivos vinculantes denominados CID (Council Implementing Decision) para esta Submedida que foron simplificados na Adenda aprobada polo ECOFIN o 13 de xaneiro de 2026. Dita Adenda elimina o Fito 220 da Decisión de Execución do Consello pola que se aproba a avaliación do PRTR (documento CID, nas súas siglas en inglés). Anteriormente este fito 220 fixo referencia ao grado intermedio de execución dos Plans de Sostenibilidade Turística en Destinos (PSTD), establecendo que, a 31 de decembro de 2024, as Comisións de Seguemento debían asegurar que todos os destinos beneficiarios alcanzasen, como mínimo, as seguintes porcentaxes de execución de cada plan: 50 %, no caso dos destinos adxudicados en 2021. • 30 %, no caso dos destinos adxudicados en 2022. • 15 %, no caso dos destinos adxudicados en 2023.

Así mesmo, a Adenda modifica o Fito CID 221, que na súa redacción anterior establecía que, a 30 de xuño de 2026, debía certificarse a finalización de todos os proxectos incluídos nos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos», adxudicados conforme aos obxectivos 217, 218 y 219, destinándose polo menos o 35 % dos fondos a financiar actuacións vinculadas á transición verde, a sostenibilidade e a eficiencia enerxética e a electromovibilidade nos destinos.

A nova redacción do Fito CID 221 mantén o 30 de xuño de 2026 como prazo máximo para a finalización das actuacións incluídas nos PSTD, que pasan a constituir a unidade de medida para a xustificación. Neste sentido, para un número total acumulado de 4.200 actuacións, esíxese a acreditación da súa finalización mediante algún dos seguintes instrumentos:

- informes finais acreditativos da finalización das actividades subvencionadas por parte dos beneficiarios (entidades ou particulares) de subvencións relacionadas cos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos»,
- ou confirmacións por parte da Administración da execución das obras contratadas no ámbito dos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos», • ou certificacións de fin de obra relacionadas con «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos».

A Adenda aprobada polo ECOFIN o 13 de xaneiro de 2026 é a que permite que as Comunidade Autónoma de Galicia poida prorrogar a execución dos PSTD. Esta ampliación de prazos leva aparellada a ampliación do prazo de amortización do anticipo reembolsable.

Así mesmo, fai preciso modificar as cláusulas do obxecto do convenio, das obrigas da entidade beneficiaria e de prazo e forma da xustificación no contido referido expresamente ao Fito 220 e 221.



Terceiro.- A necesidade imperativa de dotar ao proxecto dunha maior axilidade administrativa fai preciso dotar á Comisión de Seguimento de potestades que lle permitan actuar ante incidencias operativas non sustanciais e evitar trámites redundantes que dilaten a execución, para garantir a eficacia e o bo fin do proxecto, o que mellora a eficiencia operativa e a optimización do seguimento, evitando demoras innecesarias na execución baixo a premisa de que as solucións técnicas e Operativas adoptadas de forma urxente por esta vía sexan posteriormente ratificadas e validadas pola Comisión Bilateral. De este modo, garantízase unha execución fluida sen renunciar ao control xerárquico e á seguridade xurídica que proporciona o máximo órgano de decisión, todo isto de acordo co previsto na Resolución de 24 de febreiro de 2026, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica a modificación do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 21 de decembro de 2021, polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado á financiación de actuacións de inversión por parte de entidades locais no marco da Compoñente 14, Inversión 1, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Cuarto.- A ampliación de prazo de presentación da documentación xustificativa fundaméntase na necesidade de garantir unha **óptima execución da actividade subvencionada**, asegurando que o cumprimento dos obxectivos previstos alcance os estándares de calidade técnica e rigor administrativo. Dadas as circunstancias de complexidade documental, resulta imprescindible dispoñer dunha marxe adicional que permita unha **correcta e completa xustificación dos fondos públicos recibidos**, evitando que se comprometa a finalidade de axuda ou a transparencia do procedemento. Esta medida, amparada no artigo 32 da Lei 39/2015, non supón prexuízo para terceiros e busca, exclusivamente, o interese xeral mediante a consecución o proxecto financiado.

Visto o anteriormente exposto e unha vez asinado o convenio, faise necesaria a modificación do convenio asinado no relativo ó obxecto, as obrigas da entidade beneficiaria, as condicións e amortización do anticipo reembolsable, a comisión de seguimento, o prazo e forma de xustificación e a vixencia

Por estes motivos, acórdase subscribir a presente addenda que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Modifícanse as cláusulas primeira, quinta, sétima, novena, décima e décima sexta, de forma que quedan redactadas do seguinte xeito:

“Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) da Deputación da Coruña, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística Litoral de Galicia da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a execución do mesmo.

En concreto, o PSDT obxecto deste convenio enmárcase no Obxectivo 217 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como no fito 221, relativo á finalización dos



Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.

Quinta.- Obrigas da entidade beneficiaria

Compromisos asumidos en canto á execución do subproyecto:

1.-De conformidade co disposto na LEI 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, como no artigo 37.4 a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, os ingresos percibidos pola comunidade autónoma de Galicia para a execución do proxectos obxecto de financiamento, por estar incluídos dentro do ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia queda legalmente afectados a financiar os devanditos proxectos, coa correlativa obriga do reintegro total ou parcial dos devanditos ingresos en caso de non realizarse o gasto ou en caso de incumprimento total ou parcial dos obxectivos previstos.

2.-As actuacións para realizar pola Entidade beneficiaria serán os recollidos na cláusula 3 e executaranse de conformidade cos fitos, obxectivos e a calendarización de cada proxecto/ subproyecto definidos no Anexo I. Así mesmo, corresponde á Entidade Local:

a) Executar as actuacións do programa e aplicar os fondos previstos no punto anterior aos gastos correspondentes á execución e desenvolvemento das actuacións previstas no presente Convenio.

b) Destinar o importe ás actuacións concretas de investimento a executar no prazo estipulado na cláusula 3 e Anexo I.

c) Destinar os recursos humanos e materiais que sexan necesarios para cumprir os prazos de execución e maximizar os resultados perseguidos polo convenio.

d) Xustificar a realización das actuacións recollidas no convenio ante a Axencia Turismo de Galicia mediante a documentación que se recolle no presente convenio (cláusula 10).

e) Actuar mediante os principios de obxectividade, publicidade e transparencia na actuación administrativa.

f) Cumprir as obrigas dispostas no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Obriga de sometemento ás disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

1. Con carácter xeral, son obrigas da entidade local:

a) Contribuír ao cumprimento do Obxectivo 217 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como no fito 221, relativo á finalización dos proxectos de promoción da sustentabilidade turística en destinos.

b) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto, na forma, condicións e prazo establecidos no presente convenio, así como xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade e o seu custo real.

c) A prevención, detección, comunicación, corrección e avaliación de risco de fraude,



corrupción e conflito de interese e o enchemento da Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) e a dispoñibilidade dun procedemento para abordar estes conflitos de intereses no marco do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e de acordo coas obrigas da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro. A este respecto, a entidade local beneficiaria, deberá aplicar o Plan Xeral de Prevención de riscos e de medidas anti-fraude na aplicación de fondos públicos: especial consideración dos fondos procedentes do "Plan Xeral de prevención de riscos na xestión económica-financeira e de medidas antifraude (PREMADECOR) da Deputación Provincial da Coruña".

Este Plan permítelle garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

En especial, tomarán as medidas para asegurar que non exista conflito de interese, incluíndo nos expedientes que se tramiten os informes ou declaracións responsables necesarias, segundo corresponda, e aplicando a normativa reguladora dos conflitos de interese en caso de detectalos.

d) Someterse ás actuacións de control e seguimento da aplicación dos fondos destinados ao proxecto mediante a verificación de documentos e á avaliación continua e final por parte da Axencia Turismo de Galicia, así como ao control financeiro dos mesmos pola Consellería de Facenda da comunidade autónoma e o Tribunal de Cuentas e órganos estatais e europeos que teñan encomendado o control e seguimento dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en particular a Comisión europea, o Tribunal de Contas Europeo, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF) e a Fiscalía europea, que poderán acceder á información de detalle das actuacións realizadas.

e) Comprométense a remitir a Axencia Turismo de Galicia tanta información fose necesaria sobre xestión, execución e control de todas as actuacións que se realicen no marco do presente convenio.

f) A entidade local beneficiaria, en canto entidade executora, levará a cabo o indicado no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, en relación coa identificación do perceptor final dos fondos, entidades beneficiarias das axudas, contratistas e subcontratistas e á achega desta información.

Especificamente, deberá preverse a aceptación por parte dos perceptores finais dos fondos da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, conforme ao modelo establecido no anexo IV. B da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

A tal fin, a entidade local beneficiaria executante incluírá nos procedementos de licitación as seguintes obrigas en relación coa identificación dos contratistas e subcontratistas:

- NIF do contratista ou subcontratistas.
- Nome ou razón social.
- Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.



- Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (Modelo anexo IV. B).
- Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión (Modelo anexo IV. C).

Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retenedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración autonómica, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

g) Mantemento dunha adecuada pista de auditoría das actuacións realizadas no marco deste convenio e a obriga de mantemento da documentación soporte. A subministración da información realizarase nos termos establecidos pola Orde HFP/1030/2021 e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

h) Custodiar e conservar toda a documentación orixinal, xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

i) Deberán conservar, os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernentes ao financiamento, así como os rexistros e documentos, en formato electrónico e por un período de cinco anos desde que se abonase o saldo da operación financeira, ou por un período de tres anos, cando o importe da subvención sexa inferior a 60.000 euros, nos termos previstos no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo.

j) A entidade local beneficiaria está obrigada a crear en España todo o emprego necesario para a realización da actividade, que se realizará con persoal contratado e afiliado á Seguridade Social. O cumprimento deste requisito terá que xustificarse documentalmente.

k) A entidade local beneficiaria deberán cumprir coa normativa nacional e europea relativa á compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento, de acordo co previsto no artigo 7 da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro., conforme ao previsto na cláusula 13 do presente convenio.

l) Devolver a Axencia de Turismo de Galicia as cantidades anticipadas, que non se utilizaron na execución da actividade ou actividades, nos prazos e condicións previstos no presente convenio, de acordo ao procedemento establecido na Cláusula 10.

ll) Cumprir coas obrigas de publicidade, medidas de difusión e comunicación, conforme ao previsto no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como coa cláusula 11 do presente convenio.

m) A entidade beneficiaria comprométese a incluír os datos e información que sexan pertinentes sobre as actuacións financiadas con fondos MRR e nos prazos que correspondan, no aplicativo que para ese efecto establecerá a administración competente.

2. En aplicación do principio de «non causar dano significativo» (principio « do non



significant harm- DNSH»), de acordo co previsto no Plan de Recuperación, e polo Regulamento (UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, respectarase a normativa ambiental aplicable, incluído o Regulamento (UE) 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como a Guía Técnica da Comisión Europea (2021/ C 58/01) sobre a aplicación deste principio de «non causar dano significativo». Respectaranse os procedementos de avaliación ambiental, cando sexan de aplicación, conforme á lexislación vixente, así como outras avaliacións de repercusións que puidesen resultar de aplicación en virtude da lexislación ambiental. Deberase achegar xustificación do cumprimento do principio DNSH mediante unha avaliación favorable de adecuación ao principio de DNSH, ou no seu caso, unha declaración responsable do cumprimento do mesmo.

En todo caso, seguindo o disposto na Decisión de Execución do Consello, a fin de garantir que as medidas contidas no PSTD axústanse á Guía técnica sobre a aplicación do principio de DNSH, os criterios de subvencionabilidade incluídos no prego de condicións para as próximas convocatorias de proxectos excluirán as actividades que se enumeran a continuación: i) as actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a utilización ulterior dos mesmos; ii) as actividades no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se preveja que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes; iii) as actividades relacionadas con entulleiras de residuos, incineradoras e plantas de tratamento mecánico-biolóxico; e iv) as actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente. O prego de condicións esixirá ademais que só poidan seleccionarse aquelas actividades que cumpran a lexislación ambiental nacional e da UE pertinente.

3. Pola demais normativa reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, en especial, co disposto na normativa que a Comunidade Autónoma de Galicia e o Goberno de España aprobe a este respecto, así como polas disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Así mesmo a entidade local beneficiaria comprométese a devolver o anticipo reembolsable nos termos pactados na cláusula sétima e debe acreditar, previamente ao pago do anticipo reembolsable, que se atopa ao corrente das súas obrigacións coa Seguridade Social, non tendo débedas en período executivo de pago co Estado, nin de carácter tributario con outras Administracións Públicas así como acreditar que non está incurso nalgunha das circunstancias reguladas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

Sétima. Condicións e amortización do anticipo reembolsable.

1. As condicións do anticipo reembolsable son as seguintes:

O tipo de interese é do 0%, e o prazo máximo de amortización do principal vence o 31 de decembro de 2026.

2. Non obstante o anterior, o correcto cumprimento polo beneficiario das obrigacións asociadas a axuda, incluíndo a súa adecuada execución e xustificación, que culmine na efectiva concesión da devandita axuda dará lugar á aplicación da mesma á amortización do anticipo reembolsable. Neste caso, o libramento da axuda realizarase en formalización, sen saída física de fondos, aplicándose á amortización do anticipo



reembolsable

Novena. Comisión de seguimento.

1. Para o control e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio, quedará constituída a comisión de seguimento desde a firma do presente convenio e ditará as normas internas do seu funcionamento, debéndose reunir sempre que o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos dúas veces ao ano.

2. A Comisión no seu funcionamento rexerase polo previsto no presente convenio e supletoriamente polo disposto na Sección Terceira do Capítulo II do Título Preliminar de Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

3. A Comisión é paritaria e está integrada polos seguintes membros:

Dous representantes da comunidade Autónoma

Dous representantes da entidade local.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirirá a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

4. As funcións asignadas á Comisión de Seguimento consistirán na vixilancia, control, seguimento e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio.

5. A Comisión de Seguimento poderá informar favorablemente as modificacións non substanciais das actuacións previstas , previa solicitude motivada e sempre que respondan á mesma finalidade e obxectivos da intervención aprobada, non alteren a coherencia global do Plan Territorial, non supoñan incremento do orzamento inicial asignado, nin afecten aos compromisos derivados do PRTR.

Para os efectos de garantir a correcta execución do PRTR, no tramo final do período de execución, poderán considerarse validamente informadas pola Comisión de Seguimento aquelas modificacións non substanciais acordadas dende o 01.01.2026, sempre que a súa formalización definitiva se produza mediante o instrumento procedente e non afecten aos compromisos asumidos ante a Comisión Europea.

6. Respecto das modificacións substanciais, as ditas modificacións deberán seguir o procedemento establecido.

Décima.- Prazo e forma de xustificación.

1. A Deputación da Coruña, finalizará a execución das actuacións obxecto do convenio, efectuará os seus pagamentos e terá subido ó aplicativo establecido ao efecto a documentación preceptiva como data límite o 30 de xuño de 2026. A documentación xustificativa terá de data límite para a súa presentación ante a Axencia de Turismo de Galicia o 30 de setembro de 2026 e presentará unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas e unha memoria económica, tendo en conta as singularidades establecidas no artigo 63 da Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, que conterá a seguinte documentación:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.



b) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a axuda outórguese conforme un orzamento, indicaranse as desviacións acaecidas.

c) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso, a documentación acreditativa do pago.

d) Os tres presupostos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, deba solicitar o beneficiario.

e) Certificado expedido polo Interventor, acreditativo da aplicación á súa finalidade dos fondos percibidos e o detalle dos pagos efectuados correspondentes ás actuacións subvencionadas obxecto da subvención.

f) Certificado emitido polo concello que acredite a realización da actividade e o cumprimento da finalidade, así como do informe emitido pola Intervención g) Documento acreditativo sobre as medidas de difusión adoptadas para xeral coñecemento do financiamento polo Estado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia das actuacións obxecto da subvención.

h) Documentos de declaracións responsables, atendendo ás disposicións normativas sobre o sistema de xestión e de información establecidas na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

2. Deberá conservar toda a documentación orixinal, xustificativa e de aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

3. Así mesmo, a entidade local deberá presentar calquera outros informes ou documentos xustificativos que de acordo coa normativa europea ou nacional resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

4. A Axencia de Turismo de Galicia comprobará a documentación achegada e poderá solicitar a achega adicional doutros documentos ou datos aclaratorios que estime necesarios ou no seu caso, se fose preciso, do correspondente procedemento de reintegro dos importes non utilizados.

Por outra banda, en virtude do disposto no Fito 221, para un número total acumulado de 4200 actuacións relacionadas cos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos» exíxese a acrditación da súa finalización mediante: os informes finais ou memorias xustificativas por parte dos beneficiarios (públicos ou privados) para as subvencións relacionadas cos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos», ou certificados ou actas de conformidade para os contratos recollidos nos «Plans Territoriais de SostibilidadeTurística en Destinos», o certificado de fin de obra relacionadas con «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos».

Producirase a devolución anticipada do anticipo reembolsable xunto cos intereses de demora, nos seguintes casos:

Se se cancelase total ou parcialmente o proxecto por causas imputables aos beneficiarios ou aos seus contratistas/subcontratistas.



- Se se producise a resolución do presente convenio.
- Cando non se presentou da documentación xustificativa nos prazos indicados, ou esta non fose correcta.

Decima sexta.-Vixencia.

1.- O presente convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2026

Segunda. Publicidade e rexistro da addenda. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederáse a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas nesta.

Terceira. Condicións

Esta addenda rexeráse polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado nesta addenda, asínana na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Pola Deputación da Coruña

O director

O vicepresidente

José Manuel Merelles Remy

Xosé Regueira Varela"

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

Sr. Presidente

Apartado de mocións. Hai unha moción que presentan os grupos provinciais do Partido Socialista de Galicia e do BNG para lle esixir ao Goberno da Xunta de Galicia a gratuidade da autovía AG-55 e hai emendas tamén do Grupo Popular.

1.Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG para esixir ao Goberno da Xunta de Galicia a gratuidade da autovía AG-55

A autoestrada de peaxe Carballo-A Coruña (AG-55), a primeira integramente galega, construíuse en dúas fases a principios dos anos 90: o tramo entre A Coruña e A Laracha inaugurouse o 26 de setembro de 1993, e a segunda fase ata Carballo completouse o 30



de decembro de 1997 que foi cando a inauguraron nun acto sorpresa, de noite e acompañados de antidisturbios e dun cordón policial, impedindo o achegamento dos veciños e veciñas da Plataforma pola Autovía Gratuita, conformada por entidades políticas e sociais diversas da comarca.

A Xunta de Galiza é titular da autovía A Coruña-Carballo (AG-55), cuxa concesión administrativa para a construción, conservación e explotación foi adxudicada por un tempo de 50 anos á Autoestradas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A., en virtude do Decreto 23/1995, de 20 de xaneiro e que finalizará no ano 2045.

A súa prolongación ata a Costa da morte, aínda hoxe non é unha realidade. Fronte ás promesas incumpridas, foi o Goberno bipartito o que realmente impulsou a infraestrutura. En xullo de 2007 licitouse por primeira vez a obra, adxudicándose a unha UTE por 584 millóns de euros. Ademais desta licitación quedou elaborado o estudo previo para a redacción do proxecto do tramo de Berdoias a Cee, co fin de completar a totalidade da infraestrutura necesaria. Coa chegada do PP á Xunta de Galicia, o novo goberno rescindiu o contrato inicial e volveu licitalo en 2009.

Despois de varias licitacións fallidas, no ano 2011 a obra da autovía Carballo-Berdoias, de 42 Kms de lonxitude, fora adxudicada a unha UTE formada por Copasa, Taboada y Ramos, Covsa e CRC, máis un novo revés fixo que a Xunta de Galiza perdonara á concesionaria a execución do último tramo de 15 quilómetros entre Baio e Berdoias (un 35% do traxecto), a cambio de aforrar o 17% do custe total do contrato, polo que foi un mal negocio para os intereses da comarca. Dende 2016, a Xunta paga á concesionaria un canon de 23 millóns de euros anuais que se incrementan progresivamente, ata completar un gasto total de 630 millóns entre a inauguración da autovía e o fin da concesión no ano 2038. A consecuencia foi que a Costa da Morte quedou sen autovía no tramo Baio-Berdoias, e por enriba agora o reconvirten nun corredor cunha soa vía por sentido, e seguimos sen termos rematada a conexión da autovía ata Cee e ao porto de Brens, tal e como estaba planificado no plan MOVE (Plan de Mobilidade e Ordenación viaria Estratéxica 2009-2015) aprobado pola propia Xunta no ano 2010.

No consello da Xunta de Galiza celebrado o 10 de outubro de 2024 aprobouse o rescate da concesión de catro autoestradas no noso país a través dun investimento de 297 millóns de euros: a do Salnés, a da Barbanza, a Ourense-Celanova e a Santiago-Brión, eliminando así as peaxes en sombra que se viñan pagando anualmente. Decía daquela o presidente da Xunta e do PP de Galiza o Sr. Rueda sobre a operación que “permitirá un aforro de máis de 30 millóns de euros ao ano para as arcas públicas galegas”. Sen embargo non houbo sorte para nós, as concesións na AG-55 non se rescataron, non entraron nos plans de aforro do goberno galego do Partido Popular.

A veciñanza da Costa da morte seguimos a costear unha infraestrutura estratéxica cun réxime de concesión que a Xunta se resiste a rescatar, seguimos pagando peaxes por usar unha autovía fundamental para a comunicación da comarca coa cidade da Coruña e dos polígonos industriais co porto exterior de Punta Langosteira. No noso caso non rescata a concesión, porque a Xunta nada ten que aforrar ás arcas públicas, porque somos nós os que pagamos directamente o seu custe, sostendo un negocio que segue a ser moi rentable para a empresa e que ao que lle quedan 19 anos máis de ganancias. As tarifas soben cada ano co beneplácito da Xunta, e xa son 2,60 € o que vale ir hoxe de Carballo a Coruña, 1,35 ir de Paiosaco a Carballo, 1,30 de Arteixo á Laracha, ou 0,85 de Laracha a Carballo. A Xunta de Galiza presume de aplicar bonificacións nas peaxes, mais non son suficientes para compensar a débeda histórica que teñen coas nosas comarcas,



pola falla de investimentos para desenvolver tanto a economía como o noso benestar durante décadas, e por seguir a tratarnos sempre de últimos para todo, en termos comparativos.

A todo isto, hai que sumarlle que este tramo Carballo-Coruña nos seus 32 quilómetros conta con 51 curvas, algunha delas moi perigosas e cun bo palmarés de accidentes. Esta autovía está repleta de rebacheos, tramos en mal estado de conservación e ten dúcias de puntos onde se concentran balsas de augas os días que chove, e que provocan “aquaplaning”, perdendo os vehículos adherencia e o control do mesmo. Temos unha autovía que aos ollos de calquera usuario non reúne as condicións mínimas de conservación e seguridade, aló menos os días chuviosos de inverno, polo que xa só por este último non debera cobrarse unha peaxe.

A Costa da Morte e Bergantiños, non poden permanecer inmóbeis e mirar para outro lado como se nada ocorre, e menos cando se trata dunha infraestrutura fundamental e vital para o desenvolvemento económico, para as comunicacións e para o transporte de viaxeiros e mercadorías, necesaria tanto para conectar os parques empresarias co porto exterior e a cidade e así facelos máis atractivos e competitivos, como para facer máis segura as estradas nos desprazamentos particulares da veciñanza.

Levamos 30 anos de abuso pagando unha peaxe que nunca debera poñerse, porque prometeran que sería gratuíta. Levamos 30 anos de aldraxe sufragando unha obra que necesitabamos, merecíamos, e reclamamos pero que nola fan pagar directamente a nós. Por todo o exposto, os concelleiros e concelleiras que conforman o pleno desta corporación **ACORDAN:**

1.- Demandar á Xunta de Galiza a eliminación das peaxes e a instauración da gratuidade plena na autovía AG-55

2.- Executar un plan de mantemento urxente na AG-55 para corrixir os puntos de acumulación de auga e o mal estado do firme, garantindo a seguridade dos usuarios que diariamente se desprazan á cidade da Coruña e ao Porto Exterior de Punta Langosteira.

Sra. Veira González

Si, pois desde o BNG traemos esta moción a Pleno, este asunto a Pleno, porque se trata dunha demanda que é de xustiza, que é precisamente demandarlle á Xunta de Galiza a gratuidade da autoestrada AG-55 e por suposto que faga un plan de mantemento e de mellora desta vía.

Esta estrada foi construída con cartos públicos, polo tanto, cos cartos de todas as galegas e de todos os galegos e é un vía de comunicación fundamental, que non é evidentemente ningún luxo, é unha necesidade; é a conexión vital dunha comarca que leva décadas sufrindo o esquecemento da Xunta de Galiza. E mentres o señor Rueda e o Partido Popular rescatan con 300 millóns de euros catro autoestradas galegas, a Costa da Morte e Bergantiños seguen pagando. Aínda por riba pagando por unha estrada con curvas perigosísimas, moi accidentada, con fochas retapadas, tramos en mal estado de conservación e con dúcias de puntos onde se concentran balsas de auga na que os días que chove se provocan numerosos accidentes por culpa do *aquaplaning*. En definitiva, é unha autovía con malas condicións de seguridade e de conservación e, con todo, as



familias e as persoas traballadoras desta comarca teñen que pagar cada día por utilizala.

Isto non é lóxico e tampouco é xusto. Iso chámase discriminación territorial e desde logo o BNG non está disposto a aceptalo. Estamos falando de familias traballadoras que cada mes destinan centos de euros en peaxes. Falamos da economía de empresas, de autónomos e autónomas, de persoas maiores que teñen que desprazarse para accederen a servizos básicos de saúde, laborais ou administrativos. Para eles, para elas, a peaxe non é un inconveniente, é unha carga real que hipoteca a súa economía. A Xunta de Galiza ten a obriga e a competencia de actuar, pero esta Deputación tamén ten voz.

Por iso os grupos provinciais do BNG e do Partido Socialista traemos esta moción a Pleno. Utilizamos esta voz que temos para dicir con claridade que a AG-55 debe ser gratuíta xa. Por iso propoñemos que esta Corporación se dirixa formalmente á Xunta de Galiza exixindo a eliminación desta peaxe. Non se piden privilexios, pídese igualdade. Pedimos o mesmo que teñen outras zonas de Galiza. Pedimos que Bergantiños e a Costa da Morte deixe de ser tratada como territorio de segunda. Estes grupos provinciais estamos ao carón desta demanda da comarca de Bergantiños e Costa da Morte porque é unha demanda xusta e volvemos estar aquí, como fixemos tamén noutros momentos durante este mandato, para dicirlles ás veciñas e veciños destas comarcas que estamos con elas. Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día a todos e a todas. Traemos esta moción conxuntamente entre os dous grupos que conforman o Goberno e Deputación sobre un tema que temos falado xa longo e tendido, dunha infraestrutura que vertebra ou que debería vertebrar as comarcas da Coruña, Bergantiños e Costa da Morte. Ademais da cuestión sobre a que trata a propia moción, está o propio atraso na finalización desa infraestrutura construída nos anos 90 e paralizada a súa execución coa chegada do Partido Popular á Xunta de Galicia tras o bipartito.

A día de hoxe, gran parte da comarca da Costa da Morte está totalmente esquecida nese punto por parte da Xunta de Galicia do Partido Popular de forma reiterada, non? Pero é que ademais chama a atención que, a pesar desta situación e de que o Partido Popular na Xunta de Galicia, ou a Xunta de Galicia mellor dito, leva recadado moitísimos recursos coa peaxe desa estrada, nunca se reinvestiron en ampliála e cumprir con ese compromiso e, polo tanto, satisfacer a necesidade que ten a veciñanza desas bisbarras de estar conectada co resto da provincia e co resto de Galicia. Por iso hoxe traemos esta moción para lle solicitar á Xunta de Galicia, que é a propietaria desa infraestrutura, a eliminación desa peaxe. É unha Xunta de Galicia que é moi exixente cando se trata das peaxes en autoestradas doutras administracións, neste caso da Administración do Estado, pero que despois non aplica o mesmo conto para si cando se trata daquelas que son da súa titularidade. E, polo tanto, parafraseando o voceiro do Partido Popular hai uns intres, nun exercicio de “trileirismo” político, ben, ao que neste salón de plenos xa estamos moi acostumados. Polo tanto, é bastante habitual ver ese “dime do que presumes e direiche do que careces”.

Pero, ben, en todo o caso, hoxe teñen vostedes a oportunidade de facer gala desa afirmación sobre o “trileirismo” que facía o voceiro do Partido Popular hai uns intres e apoiar esta moción tal e como está redactada. Primeiro, porque é de xustiza cos cidadáns desas bisbarras. Segundo, porque sería o coherente co posicionamento deste



grupo nesta Deputación con outras peaxes. Temos debatido outras mocións instando o Goberno do Estado, exixíndolle ao Goberno do Estado a supresión das peaxes, a bonificación das peaxes, a transferencia das peaxes. Ben, pois esta que xa é galega xa teñen vostedes un choio feito fronte a outras que aínda están por transferir. Polo tanto, sería bo que empezaran xa por esta, primeiro por dar exemplo e, segundo, como digo, porque xa é parte do traballo que está realizado tendo en conta que é da plena titularidade da Xunta de Galicia.

Así que, polo de agora, a expensas do que poidan comentar os distintos voceiros, nada máis. Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Bueno, como ya han podido ver a través de una enmienda que les hemos propuesto, un texto alternativo que garantizaría, primero, por una parte, un consenso en torno al objetivo de liberar de peajes a los usuarios del tramo Carballo-A Coruña y, por lo tanto, un mayor impulso y eficacia a la moción presentada. Segundo, por otra parte, una mayor coherencia o amplitud de miras respecto a la conveniencia de que los usuarios de vías de alta capacidad en la provincia no estén sometidos a peajes en ningún sitio de la provincia. Y, tercero y por último, un mejor enfoque en las necesidades de mantenimiento de la vía.

Comenzaré por esto último. La Xunta ya supervisa planificadamente el estado de la vía, de tal manera que, más que un plan, lo que se requerirá es un mejor aseguramiento de lo ya planificado, entiendo yo.

Y ya por lo que se refiere a la idea central de liberar el peaje directo de la AG-55, permítanme que haga una reflexión general. Solemos hablar y defender una pretendida gratuidad, pero ¿es correcto hablar de gratuidad? Lo cierto es que se trata de una supuesta gratuidad para el usuario de la vía, pero no es una gratuidad para el conjunto de los contribuyentes. Es importante recordarlo, no existen infraestructuras gratuitas. Hay que pagar su construcción y hay que pagar su mantenimiento. Por lo tanto, podría suscitarse un primer debate. Una autovía o una autopista ¿la han de pagar los usuarios o han de pagarla el conjunto de los ciudadanos? Se pueden encontrar argumentos razonables en las dos direcciones. En el mantenimiento de los servicios públicos se puede descartar la aplicación del principio de beneficio o se puede defender su aplicación. Llevada a un extremo, la aplicación del principio de beneficio, obligaría a que un enfermo de cáncer, en un sentido extremo, se tuviera que pagar su quimioterapia, pero descartar por completo tal principio de beneficio distorsiona lo que debieran ser los esfuerzos fiscales equitativos, es decir, el conjunto y la solidaridad de todos.

Casi 50 años de fiscalidades democráticas no nos han permitido demostrar un criterio sobre qué servicios públicos deben ser sufragados con cargo al presupuesto o con cargo a una exacción individualizada, bien con cargo a impuestos, o bien con cargo a tasas, precios públicos, tarifas, prestaciones patrimoniales, peajes, y así nos encontramos con supuestos de hechos semejantes resueltos de manera distinta. Parece que se va extendiendo la idea –y yo coincido con ella– de que las autovías y autopistas se deben pagar con cargo al fondo común de la hacienda pública, pero la homogeneización del criterio no resulta sencilla.



En el caso que nos ocupa, la diferencia entre el mecanismo de pago de un tramo de la AG-55 y otro tramo de las mismas vías u otras autovías autonómicas no es el resultado de ningún ánimo discriminatorio latente en el momento en que se proyectó cada una de las vías o cada uno de los tramos. Es el resultado de fórmulas de pago que se eligieron en su momento y en función de oportunidades presupuestarias distintas y en función de cambiantes fórmulas de colaboración público-privada; es decir, resumiendo, en función de los recursos que había en ese momento en la Administración. Y, asimismo, hay que recordar que el rescate de cuatro vías que la Xunta acaba de acordar supone un ahorro para la hacienda pública gallega, la misma hacienda pública que sostiene la sanidad, la educación o los servicios sociales, mientras que el deseable rescate del tramo Carballo-A Coruña supondría un cierto menoscabo de la misma hacienda, es decir, sería una carga más allá de esta hacienda pública gallega con la que se sostienen la educación, la sanidad o los servicios sociales.

No obstante, entendemos que sería oportuno socializar el coste de este tramo entre todos los gallegos y reconocemos que, a día de hoy, no es entendible para el usuario que en unos tramos o vías haya que pagar y en otros no haya que hacerlo. Como también hay que reconocer que, para una comunidad autónoma cuya suficiencia financiera depende del Estado, la homogeneización no es financiera o presupuestariamente sencilla. La homogeneización de los peajes directos levantados es lo que deseamos todos, y de ahí que el Grupo Provincial del Partido Popular se ofrezca también para hacerle ver a la Xunta de Galicia lo lógico que sería eliminar los esfuerzos económicos individuales en orden a circular por vías de alta capacidad, entendiendo que tal homogeneización ha de estar presidida por los principios de la equidad, la eficiencia y la oportunidad y la sostenibilidad presupuestaria, es decir, los recursos que en cada momento se puedan aportar.

Pero esa homogeneización no se puede defender solo en el caso de las vías de alta capacidad autonómicas. Con mayor motivo, sí, con mayor motivo y por razones aún más urgentes, el criterio de liberar al usuario de un peaje ha de presidir la oferta de uso del AP-9 o, llegado el momento, también de la AP-53. De ahí que hayamos incluido también en la enmienda un punto relativo a la costosísima AP-9, una vía cuyos peajes son indudablemente los más sangrantes de Galicia.

Este es nuestro planteamiento, que nosotros entendemos que es lógico y constructivo, es decir, una apuesta decidida por que ningún ciudadano de la provincia de A Coruña pague peajes directos para circular en las autovías y autopistas que transcurren a lo largo y ancho de la provincia de A Coruña. Por ahora nada más. Gracias. Me gustaría saber si van a aceptar la enmienda o no.

Sra. Veira González

Si, nós non vamos aceptar a emenda, porque basicamente distorce o fondo da cuestión. Vostedes o que queren é poñer o ventilador, coma sempre, e falamos da AG-55 e vostedes teñen que traer o da AP-9. Saben que nós estamos a favor da transferencia e da gratuidade da AP-9; témolo demostrado en innumerábeis ocasións, e aí o que falta é, ben, pois un compromiso real do Partido Popular de defender isto, non só cando está na oposición en Madrid, senón tamén cando está na Moncloa. Que lle pasa ao Partido Popular cando está na Moncloa en canto á AP-9? Ben, pois que se esquece de Galiza e determina a ampliación da súa concesión ata anos insostíbeis e ademais cunha ampliación que xa desde Europa nos din que é ilegal.



Polo tanto, leccións sobre a AP-9 do Partido Popular, ningunha. Por iso non admitimos a emenda, porque estamos falando da AG-55 e vostedes están traendo outra cuestión que poden traer perfectamente cando queiran nunha moción, que ben saben cal é a postura do BNG, non teremos ningún problema en apoialo. O problema que teñen vostedes é que, e eu creo que vostede acaba de recoñecelo, facendo tamén así un xogo de, non sei, de razoamento un pouco estraño, acaban de admitir que é unha decisión política poñer os 300 millóns de euros para rescatar X autoestradas e non X outras, ou sexa, acaba de recoñecelo vostede perfectamente. E ten narices que falen vostedes de esforzo fiscal cando o Partido Popular, desde a Xunta de Galiza, lles elimina os impostos precisamente aos máis ricos, aos máis ricos, e renuncia a ingresar por esa vía, que sería ben máis xusta, cartos na facenda galega. Falen vostedes diso e renuncian aos 4.000 millóns de euros de condonación da débeda do Estado. Teñen narices vostedes que falen de falta de cartos na facenda galega e de distribución fiscal e de cargas fiscais.

Esta gratuidade pode impulsarse e non se fai porque a vostedes non lles interesa. E hai aquí unha clara discriminación territorial. E hai razóns de interese público, de interese e de desenvolvemento económico do país, e tamén de atender á realidade social das comarcas da Costa da Morte e de Bergantiños, que as economías familiares e as economías empresariais e os autónomos e as autónomas, desde logo, sería un alivio para todas elas.

Hai interese; eu creo que hai interese xeral suficiente para razoar unha medida deste tipo. E non se fai porque ao Partido Popular non lle interesa. E está absolutamente claro e creo que vostede o acaba de explicitar moi correctamente. Eu creo que nos quedou a todos moi claro que é unha decisión política do Partido Popular na Xunta de Galiza. Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, unha vez máis, cumpríronse as miñas expectativas e fixo vostede un exercicio de "trileirismo" político, non? cunha intervención moi sentida, moi profunda sobre o tipo de xestión, o tipo de condonación, o tipo de supresión, o tipo de aplicación desa gratuidade, que se a temos que asumir entre todos ou de forma individual. Todo iso está moi ben, non? O problema é que só o faga vostede cando llo exiximos á Xunta de Galicia, porque vostedes presentaban unha moción non hai moito tempo neste salón de plenos na que exixen, entre outras cousas, "por todo lo expuesto, el Grupo Provincial de Partido Popular insta al Gobierno de España a: El establecimiento inmediato de un sistema de bonificaciones de peajes en la AP-9 que rebaje el coste de la autopista y su impacto en los bolsillos de las familias, en la competitividad de nuestras empresas y de nuestro territorio". De forma inmediata.

Con todo, claro, cando lle pedimos á Xunta de Galicia, xa o adornamos máis, non? Que é instar a Xunta de Galicia a procurar a oportunidade orzamentaria en orde a promover conforme a criterios de equidade, eficiencia, estabilidade e sostibilidade financeira a eliminación das peaxes directas aos usuarios na autovía AG-55. Entón, claro, parece que cando os veciños que van polas autoestradas do Estado si que ten que ser atendida esa demanda de gratuidade, ou neste caso de bonificación, de forma inmediata porque, efectivamente, grava o transporte, inflúe na economía das empresas e na economía das familias pero, cando é da Xunta de Galicia xa, ben, se iso, vano vostedes mirando e se hai maneira de que se poida facer, etcétera, pois xa o fan, non? É curiosa a dobre vara de medir que teñen vostedes e como a defensa dos intereses das familias de Galicia pois non é exactamente igual de contundente cando lles exiximos a uns que



cando lles exiximos aos outros.

E despois tamén me chama a atención que vostede mesmo, e vouno parafrasear, di en moitas ocasións neste Pleno que ese tema non ten que ver coa moción, ou ese tema non é da moción, se quere vostede falar diso, traia unha moción, porén, vostede despois aquí presenta unha emenda onde xa insta tamén o Goberno de Estado coa AP-9. Pero se esta moción é da AG-55, parafraséoo a vostede mesmo, que podo sacarlle, se quere, as actas de numerosos plenos onde, ante propostas que falamos de cuestións relacionadas coa moción, vostede mesmo é o que di: "No, no; traigan ustedes una moción". De feito, no último Pleno penso que trouxemos unha, a proposta do seu grupo no Pleno anterior, que nos dixo: "Traigan ustedes una moción y hablaremos de eso". Ben, e trouxemos a moción e falaron diso. É verdade que falamos diso e volveron vostedes a votar en contra, non? Porque iso é o habitual.

Polo tanto, claro, estivo ben vostede; ben, ese discurso que nos deu sobre a responsabilidade, sobre o "trileirismo", sobre todo cando había público, ese mesmo público que lle afectaba á planta de biogás e que tamén lle afecta esta peaxe. Claro, agora que xa non está o público, xa o "trileirismo" volve roldar pola bancada do Partido Popular.

Se vostedes están de acordo, a moción, á parte, non vai moi cargada de bombo, non hai ningún tipo de problema, e os acordos están perfectamente claros: demandarlle á Xunta de Galicia a eliminación das peaxes e a instauración da gratuidade plena na autovía AG-55, executar un plan de mantemento urxente. Non lle vexo ningún tipo de problema, non hai que matizar nada. Se están vostedes de acordo, voten a favor independentemente de que sexa ou non asumida a súa proposta de emenda. Sobre todo porque, como digo, está pensada, como un exemplo de "trileirismo" magnífico, en, ben, que o faga a Xunta pero que o faga cando poida porque o tema orzamentario, claro, é que iso darlle xa a escusa á Xunta para que non poida facelo. Loxicamente, nos orzamentos da Xunta non hai partida para isto, e xa sabemos todos que esas modificacións dan moito traballo, e poñémonos nunha cousa e outra, e ao final, pois como levamos décadas, a casa sen varrer.

E ese mesmo exercicio o vemos nos orzamentos da propia Xunta de Galicia todos os anos cando se meten algúns millóns de euros para a VAC da Costa da Morte, que nunca se executa, que nunca remata, e levan vostedes gobernando a Xunta pois bastantes anos xa para que esa infraestrutura estivese rematada. E, como dixen na miña primeira intervención, levan moitos anos recadando moitos cartos de todos os veciños desas comarcas que podían reinvestirse dalgunha maneira nesa infraestrutura, non? Tamén son vostedes moi exixentes co mantemento das vías provinciais, co investimento nas vías provinciais, co plan, ese plan que propoñen sempre vostedes, ese plan estratéxico de vías onde se poida priorizar, onde coñezamos cales son os criterios para priorizar os investimentos, pero despois no caso da Xunta de Galicia pois xa veremos o que pasa, non? Ou recentemente tamén, e con razón porque teñen vostedes razón niso, exixíndolle ao Goberno de Estado a reparación de determinadas autovías en Galicia que se atopan nunha situación de mantemento pois moi deplorable, algo que eu comparto e que apoio totalmente. Pero, claro, no caso da Xunta de Galicia xa é que se o trazado, é que xa empezamos a matizalo todo.

E iso adoita ser habitualmente a antesala dun voto, polo menos, non a favor dunha cuestión concreta. Polo tanto, unha vez máis, pónense vostedes fronte a ese espello das súas propias contradicións e de algo que vimos vendo e poñendo de



manifesto ao longo dos anos nesta Deputación con distintos voceiros no Partido Popular e con distintos deputados e deputadas, e é que vostedes só defenden os intereses dos galegos e galegas cando lles interesa a vostedes. E habitualmente para reclamarlles a terceiros, pero non para aplicar o conto para si mesmos. Vémolos todos os días nesta Deputación e, loxicamente, ben, pois hoxe estamos ante un exemplo máis. Eu non lle vexo ningún tipo de problema para que voten vostedes a favor destes acordos. Polo tanto, sigo mantendo a esperanza ata que vexa a votación de que o poidan facer a pesar de que esta emenda, que é "trileirismo" e un estado puro, este é un gobelete cunha bóla, aínda que non pareza. Entón, ben, pois que quere que lle diga? A pesar de que non llo aceptemos porque vimos onde estaba a bóla e non é no gobelete que vostede pretendía que viramos, pois voten vostedes a favor polo ben dos intereses da veciñanza, das empresas e da economía da Costa da Morte e de Bergantiños e tamén de parte da bisbarra da Coruña. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Su vecino de al lado, el señor Fernández, si coge el coche ahora mismo y se viene a la ciudad de A Coruña a dar un paseo, a tomar un café o a hacer unas compras, o a verle usted en directo en el Pleno de la Diputación, igual aún llega, porque no sé cómo será su tercera intervención, pues va a pagar 4,60 euros por venir de Pontedeume, 4,60 por venir de Pontedeume a aquí a verlo a usted en directo. Sin embargo, un vecino del señor Regueira que coja la autopista en Carballo y venga a verlo en directo, no creo que llegue a tiempo a verlo, es más moderado en el temporal en sus intervenciones, va a pagar 2,60, 2,60 o 4,60. Primer matiz, que no es una cuestión menor.

La AP-9 es la autopista más cara de España, es un atraco rotundo, así lo digo, al bolsillo de los ciudadanos gallegos. Y nos afecta fundamentalmente, y nosotros no pedimos, esto no va de un peaje o del otro, nosotros estamos a favor de eliminar los peajes, o que los ciudadanos no paguen en la provincia de A Coruña. Pero, en todo caso, como ya entendía que no iban a aceptar la enmienda, pues ya traía la respuesta. En este caso tengo respuesta sin público, tenía una con público también, entiéndase la gracia, yo intervengo, independientemente de quién esté presente en la sala de la Diputación, faltaría más. Pero, señor Fernández, ustedes prefieren no acordar una resolución, a ustedes no les interesa la AG-55, a ustedes les interesa la agitación. La agitación siempre, y en este caso, la agitación tiene el valor añadido de desviar la atención respecto de su aceptación sumisa a los peajes de la AP-9 que mantiene el Gobierno central. Lamento que el objetivo partidista se imponga, sí, el objetivo partidista de ustedes dos, si de verdad les interesase la eliminación de peajes, aceptarían la enmienda. Lo que les interesa es que se mantengan los peajes de la AG-55 para mantener el megáfono y para mantener la pancarta de aquí a las elecciones municipales.

Pues, miren ustedes, sin distraer a los conductores, les recomiendo que vayan a las inmediaciones del AP-9 con sus pancartas y con sus megáfonos y le exijan al señor Sánchez lo que no se atreven a exigirle y lo que tanto anunciaron que le iban a exigir. Yo ya sé que sus megáfonos y pancartas no informarán de que los peajes de responsabilidad autonómica son los más económicos de las 34 vías de peajes que hay en España. Y, aun así, la Xunta destina este año más de 6 millones de euros para congelar las tarifas y mantener los descuentos en la AG-55 y AG-57, que aunque no afecta a esta provincia es la otra, que es de pago de la Xunta de Galicia, y los usuarios mantendrán las bonificaciones, como el descuento del 25% de la vuelta y del 50% en la



segunda vuelta a los usuarios recurrentes hasta las 24 horas posteriores a la realización del viaje de ida, o como la bonificación especial a familias numerosas, o como la rebaja del 50% en horario nocturno.

Mire, circular por las carreteras gallegas de alta capacidad es hoy más barato que hacerlo por la AP-9 o por la AP-53, responsabilidad del Gobierno central, sostenido con el único diputado del Bloque Nacionalista Gallego en Madrid. Pero eso no se expresará en sus pancartas o en sus megáfonos, o en los micrófonos de sus escaños, como tampoco recordarán que en la AP-9 tenemos que pagar cada uno de los peajes más elevados del Estado.

No sé si ustedes, tan dados a utilizar la memoria histórica, pretenden reeditar el Frente Popular, no lo sé. De momento se están quedando en el Frente Populista y a media jornada, pues a jornada completa por las tardes, tendrían que reclamar también la gratuidad y la liberación y transferencia de la AP-9 a Galicia.

Por cierto, deberían coordinar ustedes las proclamas populistas. Si quieren decir en una moción que las comarcas de Bergantiños y Costa da Morte son las peores tratadas porque la Xunta son las últimas para todos, allá ustedes. Pero entonces no podrán repetir ese mantra o ese mismo argumento en otras partes del país, como suelen hacer. No es cada comarca a la que aludan o a la que acudan con sus pancartas y programas de agitación y propaganda decir que es la peor tratada, como hacen habitualmente, peor tratada por pura lógica semántica sólo puede haber una, decidan ustedes cuál es, de toda Galicia porque cada semana, cada día y en cada asunto hay una comarca peor tratada en Galicia según el Bloque Nacionalista Gallego. Por supuesto que las comarcas de Soneira y Bergantiños tienen especiales necesidades, pero de ahí a hablar de discriminación media un gran trecho que solo los populistas recorren y solo los populista proclaman.

En definitiva, a nuestra manera, desde el Grupo Provincial del Partido Popular, promoveremos, peharemos y haremos todo lo posible para liberalizar el peaje de la AG-55, pero, por supuesto, también trabajaremos, peharemos e haremos todo lo posible para liberalizar el peaje de la AP-9.

En el sentido de que no aceptan la enmienda, nosotros nos vamos a abstener en su moción por ser una moción escasa en los planteamientos y las necesidades que tienen los ciudadanos de la provincia de A Coruña. Nada más y muchas gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Mire que me esperaba cousas na réplica, pero este exercicio de hipocrisía total e absoluta e de abstracción da realidade que ten vostede non o esperaba, porque iso que di vostede, se o di outro noutro foro, pois eu que sei... no Senado ou no Congreso, ata llo podo comprar, fíxese. Pero que nos diga aquí que nós que defendemos os intereses de non sei que..., pero vostede, cando estamos nos plenos e votamos, decátase do que votamos?, préstanos algunha atención? Ou vai en automático vostede ou quen lle escribe iso, se o escribe vostede ou quen llo poida escribir? Alguén atende ao que pasa nestes plenos? Vostedes decátanse do que pasa nestes plenos? Porque non hai ningunha moción que este grupo ou o grupo que conforma con nós o Goberno, ou Alternativa, ou noutras épocas a Marea Atlántica, que tamén estaba aquí, non votamos a favor. Nós votamos a favor neste Pleno das bonificacións na autoestrada, nós votamos a favor da eliminación da peaxe nos plenos desta Deputación e nos concellos, onde presentamos



mocións para a supresión desas peaxes.

Manifestámonos, se quere vostede xa que tratemos outros temas, polo ferrocarril, pero manifestámonos polo ferrocarril cando en Madrid goberna o Partido Popular e tamén cando goberna o Partido Socialista; a vostedes só os vemos cando goberna o Partido Socialista. Manifestámonos para mellorar o transporte metropolitano por estrada; non os vexo a vostedes aí. Parece ser que aquí temos que viaxar todos en tren, os que viaxan por autobús e quedan tirados nas paradas ou teñen que ir de pé nos autobuses, incluso algún coa porta aberta pola autoestrada, deben de ser cidadáns de segunda para o Partido Popular, porque vostedes aí si que non están nas manifestacións. Tivemos unha recentemente, non estaba ningún representante do Partido Popular.

Pero dirá vostede que vostede está en Santiago e igual non ten por que vir aquí. Pero é que neste mesmo Pleno presentamos unha moción na mesma liña da do ferrocarril para instar a Xunta de Galicia a mellorar ese servizo de transporte metropolitano e que fixo vostede e os que están aí asentados?, votar en contra. E vén aquí cunha cara que, vamos, é de cemento armado a dicirnos aos demais precisamente aquilo que fai vostede, como se os que estamos aquí vivísemos na inopia ou tivésemos unha memoria tan curta que non nos lembrásemos do que pasou no Pleno anterior. Home, por favor, xa case é unha falta de respecto á intelixencia dos que estamos aquí sentados. Isto se o quere dicir vostede fóra onde non o escoitemos, polo menos, home, afórranos vostede o mal trago, pero dicilo aquí diante de nós... E todo para xustificar que non queren apoiar unha moción que lle exige á Xunta de Galicia, nada máis.

E despois está moi ben ese exercicio do gobelete, que mete vostede a pelota da AP-9, e dedicou máis tempo na súa réplica a falar da AP-9 e do Goberno de España e de Pedro Sánchez que a falar do que estamos a falar, que é da AG-55, nada máis. E despois chámame moito a atención esa comparación que fai vostede: usted viene de Pontedeume paga 4,60 y si viene de Carballo paga 2,60. Entonces las autovías de la Xunta de Galicia, poñía vostede aquí, -como poñía, porque, á parte, o apuntei-, son las menos caras. Agora resulta que xa temos peaxes bos, malos e regulares. Entón, os do Goberno son malos porque se paga 4,60, pero o da Xunta, como se paga un pouco menos, é menos malo. Está ben, vostede a verdade é que como médico, vostede como médico na consulta non tiña prezo, non tiña prezo, porque vostede trasladando unha enfermidade ao seu paciente sería marabillioso escoitalo. É dicir, se va a morir, pero no dentro de 6 meses, se muere dentro de 2, es menos malo. Oia, pero, por favor, un pouco seriedade.

E esa comparativa que fai vostede... se quere pódolle dicir tamén a distancia que hai entre Carballo e Pontedeume, que non é a mesma. De Carballo á Coruña hai trinta e pico quilómetros; de Pontedeume á Coruña, hai case 50. Pero paréceme tan absurdo entrar niso porque para min as peaxes son todas malas, dá igual que se pague 4,60 que 2,60 que 5, que 20; dáme exactamente igual, eu avogo pola supresión de todas as peaxes. Vostede, con moitos matices. E xa lle presento aquí na súa emenda, porque non chupamos o dedo, esa coartada á Xunta de Galicia para que non se poida facer xa, que é: segundo un tema orzamentario... Xa sabemos todos o que hai, que os que estamos aquí non caemos do burro.

Pero chama a atención que nas mocións onde se exige ao Estado é “de forma inmediata”. E despois encantoume –teño que recoñecerlo– como deixou caer vostede o tema de que a Xunta se financia coas achegas do Estado. Polo tanto, de quen é a culpa de que teñamos unha peaxe na AG-55? E agora poderíamos contestar todos a coro: de



Pedro Sánchez. Porque todo é culpa de Pedro Sánchez e do Goberno do Estado, excepto cando o Partido Popular goberna en España. Porque, se vamos falar das peaxes, xa o temos debatido aquí moitas veces, podemos falar da prórroga que lle deron vostedes gobernando o señor Aznar e o señor Fraga en Galicia, pero non é iso, tampouco. Non sei, daquela Pedro Sánchez tería algunha capacidade ou intercesión co *vodú* en Aznar ou tamén en Manuel Fraga para que se puidera aprobar esa prórroga. E así pleno tras pleno, tras pleno, tras pleno, intentando enganar non sei a quen, porque aos que estamos aquí dende logo non, para disimular o que todos vemos e é que vostedes xamais lle van exixir nada á Xunta tal cal está aquí. Intentan, ben... e polo medio, xa digo, metemos de raspón outras cuestións para ver se así desviamos a atención.

Gustaríame saber se vostede está a favor de que se supriman as peaxes e se está vostede a favor de que se invista na mellora destas autoestradas ou autovías, como queira vostede chamalo, da Xunta de Galicia. Pero sen máis matices, hai cousas que non necesitan de tanta volta, nin de tanto gobelete. Desgraciadamente, como xa anunciou, non vai a ser así. Quen queda en evidencia son vostedes, non os que estamos aquí, que defendemos o mesmo nun lado e noutro e cando gobernan uns e cando gobernan outros. Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Seoane

Dicía o portavoz, neste caso do PP, que isto era para provocar de aquí ás eleccións megáfonos, pancartas e para que se sacara esa... Teño que dicirles, se non o recordan, que os megáfonos, as pancartas e as mobilizacións que fixemos hai anos en Oleiros e na comarca da Coruña deron o seu froito, deron o seu froito porque hoxe non se paga o peaxe no entorno da Coruña. E aquilo foi grazas aos concellos que rodeabamos A Coruña: Oleiros, Cambre, Culleredo, Arteixo tamén estaba na movida. Non tivo a sorte de no seu día... fixo manifestacións pero non tivo a sorte de que lle sacaran na estrada que estamos a falar hoxe, pero aquilo logrouse.

E eu invitaría a todos os presentes aquí a que fixeramos unha manifestación en determinados puntos polas dúas, polas tres, polas catro obras de infraestrutura que están totalmente abandonadas e algunhas feitas, pero extorsionándonos, espoliándonos, non? Ir a Santiago dicir que vale 18 euros ir e volver é un escándalo, é un verdadeiro escándalo. E se un quere dicir: "Non, vaia vostede pola estrada vella", o outro día fun porque fun a un enterro e había que ir pola estrada vella, e iso dá pena, é unha corredeira. A estrada nacional que ía cara a Vigo é unha perfecta corredeira, miserable. Para que? Para que a xente vaia pola estrada que está asfaltada e que nos cobren 18 euros por ir a Santiago, por ir a Vigo é moito máis, non?

Por tanto, claro que é fácil, pero non aquí, non falalo aquí. Porque, claro, se o falamos aquí e todos estamos tan convencidos de que hai que sacar as peaxes, por que non nos concentramos todos un día nun punto e outro día noutro punto? Autoestrada do Atlántico e autovía cara a Carballo. Por que non o facemos? Porque o podemos facer e deixarnos de pruritos, de que se o partido A, o partido B, o partido C... Porque, se estamos pensando nos seus xefes, que eu non teño xefe; se vostedes están pensando nos seus xefes, nunca o van facer, porque os seus xefes non llelo van tolerar, porque os seus xefes son os que autorizaron a Autoestrada do Atlántico a poñer estas taxas e estes impostos aos cidadáns.

Ponte de Rande, naquel momento, cando a amplían, non chegaba aos 30.000



usuarios, a Ponte Pasaxe ten 90.000 usuarios. Ninguén se acorda de facela. Pero a ponte de Rande si porque dependía dunha empresa privada, un monopolio estadounidense e entón había negocio. Alguén, alguén fixo ao mellor a tarefa de, de... como lle chaman a este conselleiro agora que está xulgándose?, de Obras Públicas, de Ábalos, seguro. Non sei se... se alguén fixo, fora do PP, fora do PSOE. Seguro. Estou convencido de que alguén, de que a alguén se lle untou o peto para que aquelas obras se levasen adiante. E non teño dúbida ningunha, despois da experiencia que teño como político ao longo de 48 anos á fronte do Concello de Oleiros.

Por tanto, deixémonos de demagogias, deixémonos de falar. Porque o falar... hai un dito que di que non ten cancela: "Falo, falo, falo" e non fago. Falo e non fago. Por tanto, si que as mobilizacións teñen importancia cando son unitarias. Por exemplo, vai haber unha mobilización estes días na Coruña o Día do Traballo, un sindicato por unha esquina, outro sindicato por outra; iso é unha carallada, iso non é reivindicar nada. Reivindicar é unir-se todos por un fin; se un ten claro cal é o fin, ir todos nunha mesma liña, e cada un coa súa bandeiriña, para que se lle vexa, pero ir todos nunha mesma liña. A peaxe de Carballo, si, a peaxe de Carballo a Arteixo non ten nome, non ten nome, non hai nin 5 km. Iso non se dá en ningunha parte de España, en ningunha parte de España. Por tanto, e claro que hai que reivindicar estas cousas, pero non ten que facelo ao mellor só o alcalde de Arteixo, ao mellor temos que ir todos a reivindicar iso, como temos que ir todos reivindicar outros temas como falei antes, non? Que pasa coa Vía Ártabra, *si te he visto, no me acuerdo*. É que, claro, se nos cae aquí a todos a baba falando de cousas que nunca imos facer porque chegamos aquí, lanzamos o discurso, imos para casa, cobramos a axuda de custo e a tomar polo saco, a tomalo por saco. Xa acabou todo. Non! Loitemos. E hai formas de loitar que deron froitos. E volvo dicir: pancarta e megáfonos. Iso é un tema real.

E, para que a convocatoria sexa un éxito, téñeno moi fácil. Tanto o PSOE como, como o PP enchen os periódicos da *Voz de Galicia* e outros todos os días da semana cunha páxina enteira, luns, mércores, xoves, venres. Que vale? Canto vale esa páxina? 6.000 €. Canto vale esa... cantas páxinas están pagando en publicidade? Pois anunciemos nesas páxinas: "Todos tal día, a tal hora, á concentración de tal punto". Xa verán como triunfamos. Pero, mentres anden a hostias divididos, non imos facer nada. *He dicho*.

Sra. Veira González

Si, tres puntualizacións. Non sei que problema ten o señor Ben co dereito á manifestación, con que a xente reivindique cuestións que son totalmente xustas e lícitas e ademais son unha demanda colectiva das comarcas de Costa da Morte e de Bergantiños, e vostede conseguiu que se falase de todo menos da AG-55. Aí, a verdade que os parabéns, porque ao final logrou despistar o tiro da moción que traíamos hoxe a Pleno.

Miren, sobre a AG-55, falaba vostede de memoria histórica, fagamos memoria histórica: no 93, cando se inaugura a AG-55, inaugúrase como unha autovía gratuítas ou de pagamento? Como unha autovía gratuítas. Iso foi o que se lles prometeu ás comarcas. Pero no ano 97 instaurouse unha peaxe e aí hai manifestacións, e aí hai antidisturbios. E aí hai todos, todas... hai dúas comarcas que se manifestan en contra desas peaxes. A AG-55 é un lastre para o desenvolvemento económico das comarcas da Costa da Morte e de Bergantiños, é un lastre económico para as persoas que viven nesas comarcas, que non é que utilicen a AG-55 por vicio, utilízana porque é unha necesidade para ir a centros sanitarios, para ir ao seu traballo, para os coidados, para o que for. É unha necesidade. E



o argumento de que é barato é un argumento do máis cutre porque máis barata é a autovía Vigo-Baiona e a ninguén lle quita que non teña sentido e que haxa que reclamar a gratuidade. É que non ten nada que ver o prezo.

Porque ademais, se falamos de prezo, non contabilicen só as peaxes os 2,60 euros que pague un cidadán por utilizala. Vamos contabilizar tamén o canon que lle paga a Xunta de Galiza á empresa que xestiona a autovía. Porque iso tamén vai no cargo e tamén o pagamos todas as galegas e todos os galegos. E a autoestrada, a autovía, perdón, a autovía, tiña unha, ten unha caducidade, unha caducidade xe. As outras autoestradas, as autovías, perdón, que rescata o Partido Popular e a Xunta de Galiza tamén tiñan a súa caducidade, pero decide rescatalas, decide rescatalas, e esta non... E aí está o quid da cuestión.

E eu non dixen que fosen as comarcas máis maltratadas do país. Dixen que isto, o non rescate da AG-55 e o mantemento das peaxes, é unha aldraxe e é unha discriminación contra esas comarcas, foi o que dixen, e mantéño. E creo que moitos, se non todos, os habitantes desas comarcas tamén o sosteñen. Porque houbo unha decisión política, unha decisión do Partido Popular de non rescatar esta autovía, punto. E isto é o que hai. Non hai nin populismo, nin Fronte Popular, nin a manifestación, nin o megáfono, nin a pancarta. É unha cuestión que ademais é de urxencia. É de urxencia para estas comarcas. Se vostedes non queren votar a favor, teñen toda a lexitimidade do mundo para facelo. Pero que non sinalen a outras infraestruturas que non teñen nada que ver co asunto que traemos hoxe a Pleno. Nada máis.

Sr. Ben Otero

Tercera intervención, muy brevemente; me comprometo a ser muy, muy breve. Tres cuestiones. Primera, estamos en contra y haremos todo lo posible para que se eliminen los peajes en toda la provincia de A Coruña y en todas las infraestructuras; primera cuestión.

Segunda cuestión. De Pontedeume a la Diputación Provincial, es decir, aquí, aquí, hay 38 kilómetros. No sé por dónde va el señor Fernández, pero son 38. Y de Carballo a la puerta de la Diputación, aquí, aquí, hay 38 kilómetros exactamente igual. Él no sé por dónde va, igual enreda, para por allí, va a visitar a un compañero del partido o tal. Él hace 12 más, no sé. Entonces, en todo caso, se lo recomiendo que mire bien para que evite usted hacer 12 kilómetros más de ida y 12 de vuelta cada día, todos los días del año.

Y tercera cuestión. Ha hecho usted mención a una cuestión. Estaba buscando la forma de introducirlo en el debate, pero como no veía cómo, pero usted ha hecho mención, pues se lo voy a decir. El otro día le vi a usted y me ha hecho... Realmente fue sorprendente cómo él y un grupo de compañeros de su partido montan en el tren desde Betanzos a Ferrol diciendo que el tren es una ruina de Betanzos a Ferrol, como obviamente lo es, y ahí coincidimos todos, y cuando bajan del tren dicen que la culpa es de la Xunta porque no tiene un refuerzo mayor de transporte por carretera. Oiga, punto primero: Señores del Estado, este trazado ferroviario es una auténtica vergüenza del siglo XIX. Ahí coincidimos todos y luego exijamos lo que tengamos que exigir. Eso sí es un ejercicio, primero, de "trilerismo" político y luego de infantilismo, que piensen que todos los demás somos parvos o que realmente caemos de un guindo.

Yo acabo el debate aquí. Estoy a favor de trabajar todos juntos para eliminar los peajes y en esta moción no vamos a votar en contra, obviamente, y nos vamos a



abstener porque no ha sido aceptada nuestra enmienda. Nada más y muchas gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Iso que dixo vostede agora de Betanzos é mentira e pídolle que o retire. Eu non dixen, nin citei a Xunta nesa viaxe. Entre outras cousas porque non falei, xa para empezar. Entón, o que lle pasa a vostede a información, que será o mesmo que lle escribe os discursos, sería bo, sería bo que o informase a vostede mellor, porque non ten nin idea do que lle di. Así pasa que despois fai vostede o ridículo aquí, esta vez e outras moitas veces.

Se soubese vostede o que pasou nese acto en Betanzos, o que pasa é que non sabía porque os do PP viñeron facerse a foto á estación e despois arrancaron, non viñeron á lectura do manifesto. O manifesto leuno unha plataforma, señor Ben, non o leo eu. Leuno unha plataforma. E, sobre o tema do tren –hai que ter cara dura para falar vostede dese asunto–, cando vostedes só reclaman o tren cando non gobernan en Madrid. E eu levo once anos de alcalde, con distintos gobernos, á fronte do Goberno de Estado, e en todas as ocasións eu e o meu partido solicitamos esa mellora de infraestruturas ferroviarias, vostedes non. Vostedes só se acordan do ferrocarril cando goberna o Partido Socialista, igual que só se acordan do transporte metropolitano cando gobernan outros. Porque agora, que é un auténtico desastre e unha vergonza como funciona o transporte metropolitano por estrada neste país, non só nesta provincia, en toda Galicia, coa supresión de liñas, con condenas nos xulgados e anulacións de contratos feitos pola Xunta de Galicia, con xente que vai de pé no autobús –se quere, móstrolle as fotos desta mesma semana–, con xente que queda tirada nas paradas cando sae de traballar.

Sabía vostede que alguén de Cabanas, por poñer un exemplo, para ir a Ferrol ten que ir á primeira hora da mañá ou á última da tarde porque non hai polo día ningún autobús que pase por ese concello? Sabe por que? Porque no contrato vostedes, que están na Xunta para favorecer a empresa, o que fixeron foi priorizar os desprazamentos por autoestrada. E vostede, que é tan sensible coa situación da cidadanía dentro dese gobelete, cando traemos unha moción para exixirle á Xunta que mellore ese servizo, que fai vostede? Vota en contra. Así que leccións aquí de defensa dos intereses da cidadanía aos que estamos aquí sentados dese grupo, e de vostede ningunha, ningunha. Aplique o conto para si. E, se quere, para o seguinte Pleno, como lle fixen no anterior, tráiolle unha moción sobre o transporte metropolitano, a ver que vota. Porque, dende logo, na que presentamos hai poucos plenos votaron que non con 300.000 desculpas, como as que está poñendo agora sobre a mesa para non votar a favor desta moción. Así que sería bo que, cando veña vostede a falar aquí e me cite a min persoalmente, se informe ben do que diga para, repito, non facer o ridículo ou non mentir deliberadamente, que sería moito peor. Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Vecños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a



Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

“Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG para esixir ao Goberno da Xunta de Galicia a gratuidade da autovía AG-55

A autoestrada de peaxe Carballo-A Coruña (AG-55), a primeira integramente galega, construíuse en dúas fases a principios dos anos 90: o tramo entre A Coruña e A Laracha inaugurouse o 26 de setembro de 1993, e a segunda fase ata Carballo completouse o 30 de decembro de 1997 que foi cando a inauguraron nun acto sorpresa, de noite e acompañados de antidisturbios e dun cordón policial, impedindo o achegamento dos veciños e veciñas da Plataforma pola Autovía Gratuita, conformada por entidades políticas e sociais diversas da comarca.

A Xunta de Galiza é titular da autovía A Coruña-Carballo (AG-55), cuxa concesión administrativa para a construción, conservación e explotación foi adxudicada por un tempo de 50 anos á Autoestradas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A., en virtude do Decreto 23/1995, de 20 de xaneiro e que finalizará no ano 2045.

A súa prolongación ata a Costa da morte, aínda hoxe non é unha realidade. Fronte ás promesas incumpridas, foi o Goberno bipartito o que realmente impulsou a infraestrutura. En xullo de 2007 licitouse por primeira vez a obra, adxudicándose a unha UTE por 584 millóns de euros. Ademais desta licitación quedou elaborado o estudo previo para a redacción do proxecto do tramo de Berdoias a Cee, co fin de completar a totalidade da infraestrutura necesaria. Coa chegada do PP á Xunta de Galicia, o novo goberno rescindiu o contrato inicial e volveu licitalo en 2009.

Despois de varias licitacións fallidas, no ano 2011 a obra da autovía Carballo-Berdoias, de 42 Kms de lonxitude, fora adxudicada a unha UTE formada por Copasa, Taboada y Ramos, Covsa e CRC, máis un novo revés fixo que a Xunta de Galiza perdonara á concesionaria a execución do último tramo de 15 quilómetros entre Baio e Berdoias (un 35% do traxecto), a cambio de aforrar o 17% do custe total do contrato, polo que foi un mal negocio para os intereses da comarca. Dende 2016, a Xunta paga á concesionaria un canon de 23 millóns de euros anuais que se incrementan progresivamente, ata completar un gasto total de 630 millóns entre a inauguración da autovía e o fin da concesión no ano 2038. A consecuencia foi que a Costa da Morte quedou sen autovía no tramo Baio-Berdoias, e por enriba agora o reconvirten nun corredor cunha soa vía por sentido, e seguimos sen termos rematada a conexión da autovía ata Cee e ao porto de Brens, tal e como estaba planificado no plan MOVE (Plan de Mobilidade e Ordenación viaria Estratéxica 2009-2015) aprobado pola propia Xunta no ano 2010.

No consello da Xunta de Galiza celebrado o 10 de outubro de 2024 aprobouse o rescate da concesión de catro autoestradas no noso país a través dun investimento de 297 millóns de euros: a do Salnés, a da Barbanza, a Ourense-Celanova e a Santiago-Brión, eliminando así as peaxes en sombra que se viñan pagando anualmente. Dicía daquela o presidente da Xunta e do PP de Galiza o Sr. Rueda sobre a operación que “permitirá un aforro de máis de 30 millóns de euros ao ano para as arcas públicas galegas”. Sen embargo non houbo sorte para nós, as concesións na AG-55 non se rescataron, non entraron nos plans de aforro do goberno galego do Partido Popular.



A veciñanza da Costa da morte seguimos a costear unha infraestrutura estratéxica cun réxime de concesión que a Xunta se resiste a rescatar, seguimos pagando peaxes por usar unha autovía fundamental para a comunicación da comarca coa cidade da Coruña e dos polígonos industriais co porto exterior de Punta Langosteira. No noso caso non rescata a concesión, porque a Xunta nada ten que aforrar ás arcas públicas, porque somos nós os que pagamos directamente o seu custe, sostendo un negocio que segue a ser moi rentable para a empresa e que ao que lle quedan 19 anos máis de ganancias. As tarifas soben cada ano co beneplácito da Xunta, e xa son 2,60 € o que vale ir hoxe de Carballo a Coruña, 1,35 ir de Paio Saco a Carballo, 1,30 de Arteixo á Laracha, ou 0,85 de Laracha a Carballo. A Xunta de Galiza presume de aplicar bonificacións nas peaxes, mais non son suficientes para compensar a débeda histórica que teñen coas nosas comarcas, pola falla de investimentos para desenvolver tanto a economía como o noso benestar durante décadas, e por seguir a tratarnos sempre de últimos para todo, en termos comparativos.

A todo isto, hai que sumarlle que este tramo Carballo-Coruña nos seus 32 quilómetros conta con 51 curvas, algunha delas moi perigosas e cun bo palmarés de accidentes. Esta autovía está repleta de rebacheos, tramos en mal estado de conservación e ten dúcias de puntos onde se concentran balsas de augas os días que chove, e que provocan “aquaplaning”, perdendo os vehículos adherencia e o control do mesmo. Temos unha autovía que aos ollos de calquera usuario non reúne as condicións mínimas de conservación e seguridade, aló menos os días chuviosos de inverno, polo que xa só por isto último non debera cobrarse unha peaxe.

A Costa da Morte e Bergantiños, non poden permanecer inmóbeis e mirar para outro lado como se nada ocorre, e menos cando se trata dunha infraestrutura fundamental e vital para o desenvolvemento económico, para as comunicacións e para o transporte de viaxeiros e mercadorías, necesaria tanto para conectar os parques empresariais co porto exterior e a cidade e así facelos máis atractivos e competitivos, como para facer máis segura as estradas nos desprazamentos particulares da veciñanza.

Levamos 30 anos de abuso pagando unha peaxe que nunca debera poñerse, porque prometeran que sería gratuíta. Levamos 30 anos de aldraxe sufragando unha obra que necesitabamos, merecíamos, e reclamamos pero que nola fan pagar directamente a nós. Por todo o exposto, os concelleiros e concelleiras que conforman o pleno desta corporación **ACORDAN:**

1.- Demandar á Xunta de Galiza a eliminación das peaxes e a instauración da gratuidade plena na autovía AG-55

2.- Executar un plan de mantemento urxente na AG-55 para corrixir os puntos de acumulación de auga e o mal estado do firme, garantindo a seguridade dos usuarios que diariamente se desprazan á cidade da Coruña e ao Porto Exterior de Punta Langosteira."



ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Pasamos a rogos, preguntas.

Sr. Ben Otero

Voy a hacer una pregunta a riesgo de hacer el ridículo, pero me interesa bastante por lo que he visto. La pregunta es la siguiente: a principios de este mes conocíamos que el Tribunal Superior de Justicia de Galicia declaraba que no fue conforme a derecho el acuerdo de este Pleno de modificación de la RPT, conforme al cual se establecía la libre designación como sistema de provisión de la jefatura del Servicio de Contratación. La sentencia se notificó precisamente cuando se iniciaba en esta casa el plazo para resolver el correspondiente concurso convocado para proveer dicho puesto de trabajo conforme al cuestionado sistema. ¿Qué tiene pensado hacer el Gobierno Provincial respecto a este asunto? Gracias.

Sr. Presidente

Bueno, pues acatar la sentencia y corregir si ha habido algún error, revisar el expediente y nada más.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:17 horas.